



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Universidade de Vigo

Facultade de Filloxía da USC
Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada

Traballo de Fin de Mestrado

**NOMES GALEGOS DE AVES.
ESTUDO MOTIVACIONAL**

Autora: María Carmen Ares Rodríguez

Directora: María Álvarez de la Granja

Visto e prace

Xullo 2021

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	1
2. CORPUS E METODOLOXÍA.....	2
3. BASES TEÓRICAS.....	4
3.1. <i>A motivación</i>	5
3.2. <i>Teoría da metáfora e a metonimia conceptuais</i>	9
3.2.1. <i>A metáfora conceptual</i>	10
3.2.2. <i>A metonimia conceptual</i>	12
4.1. <i>Lavandeira</i>	14
4.1.1. <i>Introdución</i>	14
4.1.2. <i>Análise semántica</i>	15
4.1.3. <i>Recapitulación</i>	26
4.2. <i>Pega rabilonga e pega marza</i>	27
4.2.1. <i>Introdución</i>	27
4.2.2. <i>Análise semántica</i>	28
4.2.3. <i>Recapitulación</i>	39
4.3. <i>Ouriolo</i>	39
4.3.1. <i>Introdución</i>	39
4.3.2. <i>Análise semántica</i>	40
4.3.3. <i>Recapitulación</i>	52
5. CONCLUSIÓNS.....	53
6. BIBLIOGRAFÍA.....	55
ANEXO. CORPUS. Nomes galegos de aves.....	60

RESUMO

O obxectivo deste traballo é estudar, a través das súas denominacións, as diferentes formas que teñen os galegos de conceptualizar as aves, concretamente a lavandeira, a pega rabilonga, o gaio e o ouriolo. A tal fin, conformouse un corpus coas designacións obtidas de fontes que recollen, esencialmente, lingua oral. O traballo amosa unha considerable riqueza de denominacións zoonímicas, que se analizan dentro do marco da teoría da motivación e da teoría da metáfora e a metonimia conceptuais da semántica cognitiva. A análise semántica realizada indica que as principais fontes motivacionais son as características máis destacadas do animal: a cor ou algunha parte do corpo así como diferentes trazos comportamentais como a motricidade, o canto, o hábitat e a alimentación. Así mesmo, o estudo amosa que os procesos cognitivos máis usados neste campo son a metonimia e a metáfora.

1. INTRODUCCIÓN

O obxectivo deste traballo é realizar un estudo sobre as fontes motivacionais e, polo tanto, sobre os procesos semánticos que orixinan as designacións existentes no dominio lingüístico galego para os paxaros e, particularmente, para a lavandeira, a pega rabilonga, o gaio e o ouriolo. Son catro aves fáciles de identificar, bastante comúns agás a última, e que, aínda sendo animais silvestres, constitúen entidades próximas a toda a cidadanía.

Para poder acadar o fin fixado, elaboramos un corpus coas formas léxicas utilizadas para nomear cada un dos paxaros estudados, as cales se clasificaron ao longo do estudo segundo diferentes motivacións semánticas.

Neste traballo aplícanse conceptos procedentes de dúas correntes teóricas distintas que, porén, conflúen en considerar que todo o léxico existente, ao menos desde un punto de vista diacrónico, ten unha orixe motivada: a teoría da motivación, desenvolvida esencialmente no marco da xeografía lingüística, e os estudos sobre a metáfora e a metonimia encadrados na semántica cognitiva.

Nas últimas décadas, foron numerosos os lingüistas que elaboraron estudos sobre a motivación do léxico e, particularmente, sobre o campo semántico dos zónimos que, en palabras de García Mouton (2004: 320) é “un léxico libre, poco encorsetado, que deixa espacio a la motivación y a la remotivación”. O interese por este ámbito de estudo plasmouse en numerosos artigos recollidos nos artigos do *Atlas Linguarum Europae* (ALE), entre os que destacan os da autoría de Alinei, e, posteriormente, os artigos do *Atlas Lingüístico Románico* (AliR)¹. Este recolle diferentes mapas de

¹ O AliR, cuxo predecesor foi o ALE, creouse en 1987 no Centro de Dialectoloxía da Universidade Stendhal de Grenoble, a partir da colaboración de romanistas das diferentes áreas lingüísticas. Para o galego, achegáronse os datos do *Atlas Lingüístico Galego*. González González é o responsable da redacción das sínteses galegas do AliR.

carácter onomasiolóxico, cos seus correspondentes comentarios, sobre conceptos léxicos (p.ex., sobre a *pega rabilonga*) de cada unha das linguas románicas europeas.

Por outra parte, da man da lingüística cognitiva, desenvolveuse a teoría da metáfora e a metonimia conceptuais, que permite dar explicación da motivación que orixina as distintas formas de referirse a un mesmo concepto, formas que no caso dos nomes de animais como os estudados neste traballo son especialmente numerosas en lingua galega, propiciadas pola propia historia da lingua, que evolucionou á marxe dos límites que fixa a estandarización lingüística.

O traballo está organizado de acordo coa seguinte estrutura: no punto 2 detállase a configuración do corpus; no apartado 3 explícanse as bases teóricas que fundamentan o estudo realizado e, a continuación, en 4, analízanse as diferentes denominacións de cada unha das catro aves citadas. Por último, despois dunha síntese das conclusións obtidas na realización do traballo, preséntase un anexo coas táboas que recompilan todas as designacións que configuran o corpus.

2. CORPUS E METODOLOXÍA

Para realizar este estudo motivacional, comezamos por conformar un corpus onde se recollen as diferentes denominacións de catro aves: a lavandeira, a pega rabilonga, o gaio ou pega marza e o ouriolo. Contamos, inicialmente, cunha listaxe de corenta e tres nomes de aves, facilitada polos responsables do *Atlas Lingüístico Galego*, en que constan todas as denominacións de paxaros recollidas nos cuestionarios realizados para a confección deste atlas. Para a elección final tívose en conta a riqueza das designacións e, ademais, que non houbo unha análise completa realizada.

As fontes utilizadas na elaboración do corpus foron as seguintes:

- *Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués* (TLPGP). É unha base de datos ou corpus informatizado lexicográfico, que permite acceder a obras que conteñen material dialectal galego e portugués. No caso do galego, conta con 128 traballos (publicados ou inéditos), elaborados ao longo do século XX e XXI.

- *Patrimonio Léxico da Gallaecia* (PLG). Incorpora os datos da ferramenta anterior que conteñen información léxica referida ao territorio que historicamente se denominou *Gallaecia* e, neste caso, organizados por conceptos. O PLG está conectado directamente co TLPGP; ambos permiten visualizar a distribución territorial dun termo determinado.

- *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa). Contén os resultados das enquisas realizadas en 167 puntos do territorio lingüístico galego, entre 1974 e 1977, por Álvarez Blanco, Fernández Rei e González González. Ata o momento, hai sete volumes publicados, mais non o correspondente ao campo semántico dos *animais*. Non obstante, puidemos dispoñer inicialmente dunha listaxe de aves

e, posteriormente, das formas (lema e variante) das catro aves traballadas e os puntos onde se rexistran.

- *Atlas Lingüístico da Península Ibérica* (ALPI). Recolle resultados de enquisas feitas en 53 puntos do dominio galego por A. Otero Álvarez, entre 1931 e 1936. Cómpre aclarar que no ALPI non figuran os conceptos *ouriolo* nin *pega marza* e, ademais, observouse certa confusión, baixo o concepto *pega rabilonga*, entre as denominacións desta e da pega marza. Por este motivo, no caso deste paxaro só se inclúen as formas que non figuran no resto das fontes.

- Dous apartados de *Os nomes galegos das aves* (NGA) de Cerradelo (2013), a obra máis completa, ata o de agora, sobre denominacións galegas de aves: *Nomes populares*, onde se recollen formas vivas na fala, rexistradas en diferentes lugares da xeografía galega por distintos autores, e o apartado *Dicionarios consultados*.

- *Diccionario de Sinónimos* (DS), de Gómez Clemente, Gómez Guinovart e Simões (2014).

O corpus, que se pode consultar no apéndice, consta de dous apartados, un principal e un secundario, segundo as fontes: de recolleita directa ou de dicionarios. No corpus principal, hai tres columnas: na primeira figuran os lemas e, ao lado, na segunda columna, as variantes correspondentes a cada lema (V. *infra*). Na última columna ofrécese as fontes onde se recolle cada unha desas variantes: TLPGP-PLG, ALGa e ALPI figuran sempre que nelas se recolla a palabra á que se refiren; non obstante, se o termo só se recolle en *Nomes populares* da obra de Cerradelo, faise constar NGA, mais esta fonte non se indica se a palabra está así mesmo rexistrada nalgunha das anteriormente citadas, posto que se utilizou esencialmente para completar as fontes anteriores. No apartado secundario só figuran as voces que non se inclúen no corpus principal. Este apartado está configurado tamén en tres columnas, lemas, variantes e fontes. Neste caso, de estar recollido un termo no DS indícase esta procedencia, independentemente de que poida figurar asemade noutros dicionarios, que xa non se mencionan. Se a variante non se recolle no DS, pero si noutra obra lexicográfica, sempre de acordo cos datos proporcionados no apartado *Dicionarios consultados* de NGA, indícase mediante a sigla do dicionario precedida de NGA (no corpus pode consultarse o valor de cada sigla); así, por exemplo, a presenza dunha voz no *Diccionario galego-castelán* de Franco Grande indícase mediante NGA-DFG.

Na recompilación dos nomes de cada un dos paxaros citados, seguimos o mesmo proceso. En primeiro lugar, no campo semántico *animais silvestres* do PLG extraemos os datos correspondentes a cada un dos *conceptos* analizados. Os termos obtidos revisáronse individualmente no TLPGP, coa intención de localizar calquera información complementaria, lugar exacto do rexistro etc. A este primeiro conxunto de datos, debidamente lematizado xa en orixe, engadíronse as denominacións

que se recollen no ALGa, no ALPI e en NGA (*Nomes populares*). Para a súa inclusión, seguimos os criterios de lematización propostos desde o *Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués* (Instituto da Lingua Galega, 2014). De acordo con tales criterios seleccionamos como lema a forma estándar, no caso de existir, e non habendo forma estándar, a máis próxima ao étimo ou, se este é difícil de establecer, a variante máis frecuente entre as rexistradas. Por outra parte, consideramos lemas diferentes non só formas con sufixos distintos como *escribideira* e *escribidora* (lavandeira), senón tamén as formas con presenza e ausencia de sufixo, *crego* e *creguiño* (ouriolo), así como todas aquelas en que constaba algún tipo de especificativo. Ademais, tendo en conta que se trata de nomes de aves que habitualmente son epícticos en canto ao xénero, tamén se consideraron lemas distintos as formas de masculino e feminino; *pega* e *pego*, por exemplo. Pola contra, figuran como variantes dun mesmo lema as denominacións que presentan cambios ortográficos, fónicos ou solucións morfolóxicas sometidas a variación dialectal; por exemplo *nicolau* / *nicolao* ou *vistelocrego* / *vichelocrego* (ouriolo). Na parte complementaria do corpus de cada unha das aves aplicamos as mesmas pautas de lematización.

Para o estudo motivacional das denominacións de cada paxaro seguimos, en xeral, a clasificación das motivacións utilizada nos comentarios do *Atlas Linguistique Roman* (AliR). Así pois, diferenciamos entre as que se deben a características físicas do animal, a características comportamentais (a forma de moverse, o canto, o hábitat), as relacionadas coa alimentación e as baseadas en antropónimos ou en nomes doutros animais, fundamentalmente. Para a análise dos nomes da lavandeira, contamos con dous traballos, un referido aos nomes da ave en catalán e outro en castelán, e con estudos parciais en portugués e galego (V. as referencias no apartado correspondente); tamén dispuxemos dun artigo do AliR sobre a pega rabilonga, mais carecemos de estudos previos sobre o gaio ou pega marza (que comparte nomes coa pega rabilonga) e sobre o ouriolo. Neste caso, foron de grande utilidade diferentes dicionarios, entre os que destaca a colección de obras lexicográficas *Diccionario de dicionarios* (DdD), que contén 32 dicionarios ou glosarios dos séculos XIX e XX.

Todo este traballo foi realizado a partir da consulta e estudo das bases teóricas que, a continuación, se expoñen.

3. BASES TEÓRICAS

O traballo realizado baséase en dúas liñas teóricas: a teoría da motivación e a teoría sobre a conceptualización procedente da semántica cognitiva.

Considerouse conveniente combinar ambas, o estudo motivacional e a teoría sobre a metáfora e a metonimia conceptuais, ao igual que fan autores como Julià Luna (2009) en traballos sobre designacións de insectos, para poder determinar as características dos procesos de formación de variantes léxicas designativas e a relación entre as motivacións e os mecanismos que xeran a variación ou diversidade denominativa.

3.1. A motivación

A motivación do signo lingüístico foi estudada por diferentes lingüistas entre os que destacan Guiraud (1975 [1955]), Casas Gómez (2000), Dalbera (2006), Penadés e Díaz (2008) e, sobre todo, Alinei (1996, 1997, 2002, 2009). Este autor, creador da cartografía motivacional, aplicou a teoría da motivación á representación de datos en atlas lingüísticos (ALE, *Atlas Linguarum Europae* e AliR, *Atlas Linguistique Roman*).

En palabras de Alinei (1996: 8; 2002: 18), Ferdinand de Saussure debe ser considerado “lo scopritore della nozione di *motivazione*”. Saussure observou que en todas as linguas existen palabras creadas por *arbitrariedade relativa* (2005: 267-270), fronte a outras que xorden por *arbitrariedade absoluta*. Para Saussure, o signo lingüístico era *arbitrario* (sen existencia de relación entre as dúas caras do signo, significante e significado); non obstante, afirmou tamén que “o signo lingüístico pode ser *relativamente motivado*” (2005: 267). Aínda que este autor non define *motivación relativa*, podemos deducir a partir dos exemplos que ofrece que se refire ás palabras derivadas e compostas: “*Vinte* é inmotivado, mais *dezanove* non o é no mesmo grao, xa que evoca os termos de que se compón [...] Acontece o mesmo con *pereira*, que lembra a palabra simple *pera*” (2005: 267). Saussure consideraba necesario este mecanismo de *limitación da arbitrariedade* (a motivación relativa), xa que o principio da arbitrariedade do signo “aplicado sen restrición levaría á complicación suprema” (2005: 269). Alinei (1996: 8; 2002: 18; 2009: 59) fai referencia a como Saussure resolveu esta contradición: se, a pesar da arbitrariedade do signo, existe a motivación é para evitar o caos, xa que ningún léxico podería ser manexado por un falante se todo o universo léxico fose inmotivado. En calquera caso, como veremos, o termo motivación non designa o mesmo concepto nos dous autores citados.

Antes de tratar a proposta de Alinei sobre a motivación, cómpre recordar que outros semantistas estudaron tamén este concepto. Entre eles, é preciso citar a Guiraud (1975 [1955]: 23-38) para quen a motivación constitúe unha característica fundamental do signo lingüístico. Para este autor, a contradición entre arbitrariedade e motivación é so aparente, xa que, desde un punto de vista diacrónico, todas as palabras son motivadas etimoloxicamente, pero prodúcese un escurecemento da motivación co pasar do tempo: “tout mot est toujours motivé à l’origine et il conserve cette

motivation, plus ou moins longtemps, selon le cas, jusqu'au moment où il finit par tomber dans l'arbitraire, la motivation cessant d'être perçue" (1975 [1955]: 24). Engade que a esencia do signo non é o arbitrario, senón a convencionalidade, posto que cando a motivación se escurece ou se borra "seule la convention fonde la signification" (1975 [1955]: 23).

Guiraud indica que desde unha perspectiva sincrónica, hai signos lingüísticos arbitrarios e signos motivados e divide estes últimos en dous grupos: os que teñen unha *motivación externa*, as onomatopeas (*glouglou, piquer*), e os que teñen unha *motivación intralingüística* (endoglótica), que pode ser *morfolóxica* (coincidente coa *motivación relativa* de Saussure) ou *semántica* (cambios de sentido).

Guiraud (1975 [1955]: 25-26), para referirse á motivación semántica (a que neste estudo ten maior relevancia), indica:

Il y a la *motivación métagemática* dans le cas des changements de sens. La signification est alors relayée. Ainsi dans la métaphore qui désigne un poisson sous le nom de *loup*, nous avons un signifiant acoustique primaire (la forme phonique *loup*) qui désigne normalement le mammifère et ce premier signifié constitue un signifiant secondaire menant à un second signifié, le poisson.

Sinala, ademais, que a lingua dispón de varios medios para a creación de palabras: onomatopeas, derivación e composición, préstamos e *transferencia de sentido*, "qui consiste à désigner un concept par un nom qui appartient déjà à un autre; par des similitudes de forme, de couleur, de fonction avec un autre objet, un marteau est nommé *pieu de biche*, un morceau de papier une *feuille*" (1975 [1955]: 37-38).

A estes tipos de motivación, Casas Gómez (2000: 87) engade dúas formas máis de motivar designacións lingüísticas: a motivación terminolóxica, referida á linguaxe técnico-científica, e a motivación por tabú da palabra, que ten a orixe na concepción máxica de atribuír ás palabras un poder intrínseco.

Penadés Martínez e Díaz Hormigo (2008: 61-65), pola súa parte, indican que hai tres tipos de motivación: fonética, morfolóxica e semántica. Definen motivación como unha relación, percibida como causal, entre o significante e o significado dunha unidade lingüística. Na motivación semántica, a relación causal pode xurdir da vinculación coa realidade extralingüística, vinculación entre signos que coinciden no significante e designan obxectos ou conceptos que presentan semellanza, contigüidade espacial e temporal ou calquera outra relación de carácter extralingüístico. Estas autoras expoñen que é comunmente admitido que nas linguas existen unidades arbitrarias, convencionais e opacas, e outras que son motivadas, analizables e transparentes (2008: 53).

Segundo Alinei, na estruturación cognoscitiva da realidade e na comunicación, as dúas funcións principais do signo lingüístico, a motivación resulta inútil (1996: 8; 2002: 18-19). Este lingüista entende que é preciso preguntarse, entón, por que existe a motivación se non é de utilidade para as funcións citadas. Considera que a resposta se encontra facilmente na semiótica e nalgún dos conceptos desenvolvidos nesta rama do saber, como o de *notoriedade*. Así, afirma que cómpre ter en conta que “la condizione *sine qua non* per l’existenza di un segno è la sua notorietà nell’ambiente che lo adotta” (1996: 8; 2002: 19). Noutros termos, se dúas persoas, ou duascentas mil, queren utilizar un código para comunicárense, deben poñerse de acordo de antemán sobre a clave do código. Esta é a razón pola que un signo necesita darse a coñecer, “necesita publicidade previa”, en palabras de Alinei. O modo de *publicitar* un signo ou un sistema de signos lingüístico e, polo tanto, a forma de lograr a súa *notoriedade* é a reciclaxe ou reutilización de signos coñecidos, preexistentes (que pasan a ser adoptados para designar un novo referente). Deste xeito, os signos lingüísticos fanse coñecidos e non precisan doutro modo de *publicitación*.

Emerxe aquí o aspecto paradoxal da motivación: porque o signo é na súa esencia arbitrario tamén é necesariamente motivado (ou sexa, debe darse a coñecer antes de ser utilizado). Alinei resolve este paradoxo dicindo que “la motivazione non è un aspetto della natura del segno, ma è un espediente con il quale il segno arbitrario può essere appreso immediatamente da tutti” (1996: 9). Noutras palabras, o signo lingüístico arbitrario está motivado porque deste modo faise coñecido (e non precisa pasar a través doutros procedementos *publicitarios*). A motivación permite a comprensión do novo signo e a súa socialización.

A motivación, cumprida a súa función publicitaria, pode pasar a un segundo plano e mesmo desaparecer. Este proceso de perda de motivación, ligado a circunstancias históricas, en particular aos cambios fonéticos ou culturais, non é obrigatorio, mais é o que provoca que haxa palabras opacas e transparentes e que Saussure distinga entre *arbitrarietàe assoluta* e *relativa* (1996: 9; 2002: 20).

Explicada a razón da existencia da motivación (dar a publicidade adecuada á nova lexicalización, mediante o uso dun lexema xa coñecido), revisaremos a definición proposta por Alinei e diferentes aspectos do termo *motivación*.

A motivación é definida como “una scorciatoia, una forma abbreviata del significato, che viene di solito scelta, arbitrariamente, fra i tratti lessicali che compongono la definizione del significato, e che per questo può essere chiamata *concettulae*”² (2002: 16). A modo de exemplo, Alinei (1996: 10; 2002: 16; 2009: 77) explica como, mediante este proceso lingüístico, unha secuencia definitoria

2 Alinei aclara que toma o termo *scorciatoia*, ‘atallo’, de Vigotsky.

adoptada como un novo significado para lentes, ‘instrumento que serve para mellorar a función dos ollos, composto por dous cristais (*lentes*) que se pousan sobre o nariz e se suxeitan ás orellas por cadanseu gancho (*gafa*)’, se reduce nun único termo, preexistente (*occhiali, lentes, gafas, eyeglasses*), que o representa, abreviado, e que, non obstante, conserva a capacidade designativa da súa secuencia definatoria orixinal. Engade que, para lexicalizar este novo referente, existen dúas opcións ou dous “atallos do significado”: (i) o metonímico, que toma unha parte da definición conceptual (*lente, gafa, occhio*), ou incluso unha combinación de elementos (*eye* e *glasses*) e (ii) o metafórico, que escolle unha motivación fóra da referida definición (*lunette*).

Segundo explica este autor, calquera lexicalización nunha lingua prodúcese coa elección obrigatoria dunha motivación, a cal se caracteriza por (i) ser sempre unha forma abreviada, un “atallo”, do significado estendido; (ii) ser arbitraria, xa que non hai ningunha razón para escoller unha motivación e non outra; e (iii) basearse, na maioría dos casos, nun compoñente da definición conceptual (2002: 17).

En suma, Alinei considera, ao igual que Guiraud, que toda lexicalización en orixe é motivada e que a motivación é fundamental para a xénese do signo lingüístico. En consecuencia, conclúe que a motivación debe constituír unha subdisciplina lingüística autónoma. Engade que a palabra *motivación* non é a adecuada para designar unha rama lingüística polo que propón empregar o termo “icónimo”, resultante da combinación de *icona* e *-ónimo* (“nome imaxe”), ‘nome che attraverso il proprio riciclaggio rappresenta direttamente il nuovo referente concettuale’ (2009: 65). Sobre esta base forma “iconimia” para designar o proceso, e “iconomástica” para o conxunto dos icónimos e/ou a disciplina (lexicoloxía motivacional) (2002: 20; 2009: 65).

Alinei (2009: 68-69) diferencia entre iconimia fónica (*cuco, mamá*) e léxica (*lentes, lunettes*), e propón a seguinte clasificación detallada:

(i) Iconimia de tipo paradigmático ou asociativo: (a) onomatopeico (*cuco*) e fonosimbólico (*mamá*) se a asociación é fónica e (b) de tipo metafórico, se a asociación é léxica (*lunettes>lune*).

(ii) Iconimia de tipo sintagmático ou definatoria e descritiva, se o icónimo se elixe, arbitrariamente, entre os compoñentes da definición conceptual (*lentes, gafas, occhiali*); polo tanto, esta é de tipo metonímico.

Este autor indica que a maior parte do léxico dunha lingua é de tipo metafórico ou metonímico.

Alinei (1996: 11; 2002: 22-23; 2009: 84) sinala que o punto de partida da motivación é sempre un vello nome, elixido para motivar un novo referente, e o punto de chegada da motivación é un novo nome dun referente. A motivación é, polo tanto, un nome que se transforma noutro nome sen cambios no significante. A diferenza entre nome e motivación é funcional: o nome antigo e o nome

novo teñen a función de clasificación e comunicación do signo lingüístico; a motivación ten só unha función *publicitaria* e transitoria.

Por outra banda, só unha parte do léxico dunha lingua se utiliza para formar novos lexemas³ e, polo tanto, só unha parte ten historia motivacional.

Non basta con que os lexemas elixidos como motivación existan e satisfagan a condición da *notoriedade*; os lexemas preexistentes deben ser tamén “particolarmente popolari o prestigiosi” (1996: 13; 2002: 22). A popularidade ou o prestixio que facilitan a elección do nome icónico non só involucran unha palabra, senón un campo semántico completo (p. ex., *fútbol*), que pode ser máis ou menos produtivo segundo as características sinaladas. A popularidade e o prestixio adoitan depender directamente do desenvolvemento cultural dunha comunidade de falantes nun territorio concreto. A importancia dun campo iconómico acostuma estar ligada a un período histórico determinado e varía ao longo do tempo. Nalgún período recórrese, por exemplo, a motivos prestados da antiga tecnoloxía (agricultura, tecidos) ou a elementos máxico-relixiosos, e noutro ao ámbito da navegación, do automóbil ou do deporte.

Ao igual que Alinei, Dalbera considera que todo novo signo se elabora a partir de signos preexistentes. Dalbera (2006: 19-25) expón que cada vez que unha comunidade se atopa ante algo novo debe darlle un nome e faino situando a nova realidade en relación con elementos familiares ou coñecidos. A relación establecida pode ser de semellanza ou de contigüidade e tamén pode basearse nun trazo diferenciador sobresaínte e incluso prototípico. Afirmo que esta propiedade é o motivo da nova designación e engade que “on peut concevoir le motif comme le trait saillant que ‘retient’ le caricaturiste du personnage qu’il croque” (2006: 22).

3.2. Teoría da metáfora e a metonimia conceptuais

Neste traballo baseámonos tamén nalgúns postulados teóricos da lingüística cognitiva, que se fundamenta en distintos aspectos da cognición humana. Seguindo a Ibarretxe-Antuñano e Valenzuela (2012: 16-25), algúns dos principios teóricos desta corrente son os seguintes:

- (i) A linguaxe é unha capacidade integrada dentro da cognición xeral.
- (ii) Todo concepto necesita estar contextualizado nunha estrutura de coñecemento baseado na nosa experiencia.
- (iii) A linguaxe está baseada no uso.
- (iv) O significado é a parte central da linguaxe, que ten como función primordial a comunicación.

3 Tomamos o termo *lexema* como equivalente a *palabra*, partindo da definición que ofrece Alinei: “Lessema: Termine linguistico che designa l'unità fondamentale del lessico, definibile come una parola *lemmatizzata*, astratta dalla sua realizzazione nel discorso” (2009: 911).

(v) A corporeización é outro dos trazos definitorios desta corrente, entendida como a motivación máis ou menos directa da linguaxe na nosa experiencia corpórea, física, social e cultural. Incluso a linguaxe abstracta está corporeizada. Deste xeito, utilizamos estruturas concretas, físicas, para estruturar dominios abstractos.

Dentro da lingüística cognitiva, e máis concretamente no referido á semántica cognitiva, desenvolvéronse diferentes teorías que tratan distintos aspectos da linguaxe, entre as que se encontra a *Teoría da metáfora e da metonimia conceptuais*, da que falaremos a seguir.

3.2.1. A metáfora conceptual

3.2.1.1. *Concepto*

Adóitase mencionar o libro de Lakoff e Johnson *Metaphors we live by* (1980) como a publicación fundacional do estudo da metáfora e da metonimia conceptuais.

Estes autores propoñen este novo modelo para explicar a forma en que os seres humanos conceptualizan a realidade. Déronse de conta de que “existía un gran número de expresións lingüísticas que tomaban vocabulario de un dominio o área semántica aunque, en realidade, su significado había que encontrarlo en otro dominio o área semántica distinta” (Ibarretxe-Antuñano e Valenzuela 2012: 24). Así, para falar do TEMPO, atopamos expresións como *gastar tempo* ou *aforrar tempo*; é dicir, utilizamos vocabulario que se usa normalmente para falar do diñeiro. A idea é que temos estas expresións lingüísticas porque, mentalmente, concibimos o tempo como se fose diñeiro; dito doutro xeito, porque nas nosas mentes existe a metáfora conceptual O TEMPO É DIÑEIRO⁴.

Así pois, a *metáfora conceptual* é un proceso cognitivo que permite “entender y experimentar un tipo de cosa en términos de otra” (Lakoff e Johnson, 1986 [1980]: 41). Noutras palabras, en lingüística cognitiva enténdese por *metáfora conceptual* o mecanismo de cognición mediante o cal se comprenden e verbalizan conceptos abstractos e/ou complexos en termos doutros máis concretos e sinxelos e, a miúdo, máis próximos á experiencia. Desta maneira, determinadas propiedades semánticas dos conceptos concretos (p. ex., *diñeiro*) transfírense aos conceptos máis complexos (p. ex., *tempo*) facilitando así a súa comprensión e a maneira de expresalos.

Tecnicamente, este mecanismo cognitivo (a metáfora conceptual) adóitase indicar con fórmulas como UNHA DISCUSIÓN É UNHA GUERRA, que se expresa lingüisticamente con expresións de carácter metafórico como *defender unha postura*, *atacar con argumentos*, *cambiar de estratexia*, *vencer ao oponente* etc. O concepto co que se establece o paralelismo, a guerra, denomínase *dominio orixe* ou *dominio fonte* (*source domain*) e o expresado, a discusión, denomínase *dominio destino* ou *dominio*

4 Adóitase utilizar versaleas para indicar as *metáforas ou metonimias conceptuais* e, así, diferencialas das expresións lingüísticas metafóricas ou metonímicas, que se escriben en cursiva.

meta (*target domain*). Lakoff e Johnson sinalan que este proceso cognitivo é, xeralmente, inconsciente e pasa inadvertido para o falante e o oínte.

Moitos son os autores que estudaron nas últimas décadas estes fenómenos cognitivos e procesos de conceptualización. Entre eles, Kövecses (2010: 41) propón a seguinte definición: “metaphor is understanding one conceptual domain in terms of another conceptual domain”.

Croft e Cruse (2008: 258) indican que “las metáforas son por naturaleza estruturas conceptuales y no simplemente estruturas lingüísticas, si bien resulta evidente que se materializan normalmente mediante el lenguaje”.

Soriano (2012: 97-105), facendo unha revisión xeral do estado da cuestión, indica que a principal *motivación* dunha metáfora conceptual reside na súa base experiencial e no feito de que os dous dominios coocorren nas interaccións que establecemos co contorno. Explica isto poñendo como exemplo o dominio da CALOR, utilizado para estruturar o campo do AFECTO (persoa *cálida*, *fría*). Indica que a correlación entre os dous dominios se debe, probablemente, á asociación entre afecto e calor en experiencias vitais temperás. Esta autora engade unha segunda motivación: a percepción dun *parecido* entre dous dominios. Este parecido pode ser real e obxectivo (p. ex., entre a forma dun rato e a do accesorio informático do mesmo nome) ou só percibido, construído a partir dos nosos modelos culturais (p. ex., entre as persoas listas e os lincos) (2012: 99-100).

Soriano expón que unha metáfora conceptual indica un conxunto de asociacións sistemáticas ou relacións, chamadas tamén *proxeccións*, entre elementos do dominio fonte e o dominio meta. As proxeccións ou asociacións entre os dous dominios son parciais. Así, p. ex., na metáfora COMPRENDER É VER (*Xa vexo o que dis*) non todo o que sabemos da VISIÓN se aplica ao ENTENDEMENTO. Ademais, estas metáforas respectan o principio de unidireccionalidade segundo o cal só a estrutura do dominio fonte se proxecta sobre o dominio meta, mais non ao revés. Por exemplo, na metáfora O TEMPO É DIÑEIRO, o tempo conceptualízase como diñeiro (*gastar*, *perder*, *investir*, *sobrar tempo*), pero o diñeiro non se conceptualiza como tempo.

3.2.1.2. Clasificación das metáforas conceptuais

Á vista dos moi diversos acercamentos á teoría da metáfora conceptual, Soriano (2012: 108-112) propón varias distincións tipolóxicas, entre as que seleccionamos as que citan a seguir:

- Segundo a motivación (V. *supra*), poden ser *correlacionais* (O AFECTO É CALOR) e *de parecido* (AS PERSOAS SON ANIMAIIS).
- Segundo a súa estrutura, as metáforas poden ser (i) *dunha correspondencia*, aquelas en que o dominio fonte exporta un trazo para resaltar unha soa parte do dominio meta (AS PERSOAS ASTUTAS SON LINCOS), ou (ii) *de varias correspondencias* (A VIDA É UNHA VIAXE), en que se transfiren varias

propiedades do dominio fonte, VIAXE, como a duración, as dificultades encontradas, as diferentes opcións ou camiños que se poden tomar etc., ao dominio meta, a VIDA, que permiten estruturalo de forma máis complexa.

- Segundo a función, as metáforas poden clasificarse do seguinte xeito: (i) *estruturais* (A VIDA É UNHA VIAXE, COMPRENDER É VER), de varias correspondencias, que teñen como función organizar un dominio meta complexo, como unha actividade ou experiencia, en termos doutro; (ii) *ontolóxicas*⁵ (AS EMOCIÓN SÓN SUBSTANCIAS), que serven para dar definición a dominios abstractos como, p. ex., concibir as emocións como entes físicos; e *orientacionais* (FELIZ É ARRIBA, TRISTE É ABAIXO), que contribúen á comprensión e expresión da realidade partindo da relación co espazo. Esta clasificación é a proposta inicial de Lakoff e Johnson e, polo tanto, a máis difundida.

- De acordo co grao de convencionalización, temos (i) metáforas *convencionais*, arraigadas no uso da linguaxe, “que estruturan el sistema conceptual ordinario de nuestra cultura” (Lakoff e Johnson, 1986 [1980]: 181) e (ii) *creativas* ou *imaxinativas*.

- Segundo a natureza do dominio fonte, hai metáforas *estándares* ou regulares (as comentadas ata aquí), con dominios fonte complexos, xeralmente, que proxectan a súa riqueza sobre a meta e outras onde o tipo de proxección é moi distinto, sinxelo, as *metáforas de imaxe* como A LÚA É UN GLOBO, en que a relación entre dous dominios se basea nun parecido físico. Ocarina Massid (2019: 76) explica que a metáfora de imaxe non estrutura a cognición e está caracterizada por proxectar unha imaxe mental sobre outra “en virtud de sus características comunes”. Engade que “una metáfora conceptual (estándar) proporciona un patrón para un sistema de expresiones; pero una metáfora de imagen genera una expresión metafórica única, basada en correspondencias entre facetas perceptivas entre el dominio origen y el dominio destino”.

3.2.2. A metonimia conceptual

Lakoff e Johnson (1986 [1980]: 74) tamén consideraron a metonimia un proceso cognitivo, aínda que diferente da metáfora:

La metáfora es principalmente una manera de concebir una cosa en términos de otra, y su función primaria es la comprensión. La metonimia, por otra parte, tiene primariamente una función referencial, es decir, nos permite utilizar una entidad por otra. También desempeña la función de proporcionarnos comprensión. Por ejemplo en el caso de la metonimia LA PARTE POR EL TODO hai muchas partes que pueden representar el todo. La parte del todo que escogemos determina en qué parte del todo nos centramos.

Ao igual que no caso da metáfora, é preciso diferenciar entre metonimias conceptuais (O AUTOR POLA SÚA OBRA) e expresións lingüísticas metonímicas (*Vendeu o Laxeiro que tiña na casa*).

5 Lakoff e Johnson consideran que a personificación é un tipo de metáfora ontolóxica (1986 [1980]: 71).

Ibarretxe-Antuñano e Valenzuela (2012: 25) indican que coa metonimia se fai referencia a unha entidade determinada que serve simplemente como “punto de acceso mental” a outra entidade coa que se relaciona. Á súa vez, Barcelona (2012: 126) puntualiza que a metonimia é unha “proxección asimétrica” dun dominio conceptual sobre outro, situados ambos (fonte e meta) dentro dun mesmo “dominio conceptual funcional” (un marco amplo) e engade que “el resultado de la proyección es la activación mental de la meta”. Este autor (2012: 129-131) sinala, ademais, que, para que exista metonimia, fonte e meta deben estar conectados por unha “función pragmática”, unha forte conexión, normalmente automática, entre os roles da fonte e da meta, como a que se produce entre a causa e o efecto, autor e obra, axente e acción etc. O tipo de función pragmática que conecta ambos os dominios pode ser utilizado para clasificar as metonimias en diferentes tipos, entre os que podemos citar os seguintes:

O LUGAR POLA INSTITUCIÓN (*Londres* nomeou unha nova embaixadora)

O CONTEADOR POLO CONTIDO (Bebeu un *vaso*)

A ORIXE POLA ENTIDADE (Tomou un *albariño*)

UNHA PARTE CORPORAL POLA PERSOA (Hai moi boas *cabezas* na universidade).

A metáfora e a metonimia conceptuais, en canto que mecanismos cognitivos, son de carácter universal. Non obstante, a forma de construírmos signos lingüísticos, con significado e significante, pode depender das circunstancias en que un signo se xera. Kövecses (2005: 293) indica que “the cognitive processes that human beings use are universal, but their applications are not”. A propósito da metáfora cognitiva, este autor sinala que a variación interlingüística que se produce é debida á diferenza experiencial, motivada, sobre todo, por aspectos como o contorno físico, o contexto social e o contexto cultural. Así mesmo, Dobrovól’skij e Piirainen (2006) sinalan que os procesos cognitivos referidos (metáfora e metonimia) deben ser completados por valores de carácter cultural. Estes autores citan, como exemplo, o papel simbólico, positivo nalgúñas culturas e negativo noutras, que algúns animais, como a serpe, o lobo, o oso ou o moucho, desempeñan na configuración das expresións.

A modo de conclusión, a análise semántica do léxico, e daquela dos zoónimos, pode facerse partindo do estudo da motivación que ten a súa orixe nas características da realidade designada e tamén á luz das teorías cognitivistas sobre a metáfora e a metonimia, que resaltan a faceta experiencial, e nas que se considera que o corpo é unha das principais vías de categorización da realidade (Lakoff e Johnson 1986 [1980]), pero que, ademais, son froito dunha cultura. Nos procesos designativos dos ornitónimos, non é estraño que a estrutura corporal dos animais se perciba, como teremos ocasión de comprobar, como homóloga á do ser humano (p. ex., *lavandeira*)

e, á vez, que poida explicarse algunha das denominacións como froito da situación sociocultural en que aparece. Para Saussure a motivación era unha limitación da arbitrariedade, mentres que para lingüistas como Alinei e para o cognitivismo a motivación é a norma da creación léxica.

4. ESTUDO MOTIVACIONAL

A continuación, expóñense os resultados do estudo da motivación semántica das diferentes formas léxicas utilizadas para designar as catro aves elixidas: a lavandeira, a pega rabilonga, o gaio e o ouriolo.

4.1. Lavandeira

4.1.1. Introducción

A lavandeira é un paxaro pertencente ao xénero *Motacilla*, de tamaño mediano (18 cm). En Galicia son sedentarias dúas especies con características moi semellantes, *Motacilla alba* e *Motacilla cinerea*. A *Motacilla flava* é estival.



*Motacilla alba alba*⁶



Motacilla cinerea

A plumaxe varía segundo as especies, pero, en xeral, é gris na parte superior; a subespecie *M. alba yarrellii* ten as partes superiores negras e a *M. flava* tenas oliváceas. A parte inferior é branca (*M. alba*) ou amarela (*M. cinerea*, *flava* e *citrea*) e as ás son brancas e negras.



Motacilla alba yarrellii



Motacilla flava

⁶ Imaxes: <https://seo.org/listado-aves-2>; *Motacilla alba yarrellii*: https://gl.wikipedia.org/wiki/Lavandeira_branca

A cabeza é cincenta ou negra cunha zona ou unha risca ocular brancas. Todas as lavandeiras teñen o peteiro negro e fino, o corpo lanzal e o rabo longo, que chega a ser da mesma lonxitude que o corpo no caso da *M. cinerea*, e que abanean ao andaren (Penas, Pedreira e Silvar, 1991, 2004).

Atópanse sempre preto de lugares habitados, nas beiras dos camiños e campos de labor, preferentemente a carón da auga, pozas, ríos e regatos. Aliméntanse de insectos, vermes, pequenos moluscos e tamén arácnidos. A lavandeira busca o alimento no bordo e baixo as pedras medio somerxidas. O seu voo é rápido, a pouca altura e de curta duración, describindo unha liña ondulante. No chan, desprázase con gracilidade, ben de forma áxil, ben contando os pasos, movendo a cabeza e facendo oscilar a súa longa cola. Son estas características as que dan lugar a boa parte das súas designacións, case todas de xénero feminino.

Dado que neste traballo non pretendemos facer un estudo de identificación taxonómica, senón unha investigación do léxico popular, non diferenciaremos, en xeral, as designacións segundo a especie. A maioría das formas, recollidas no corpus, son comúns para todas as especies do xénero *Motacilla*. A similitude de tamaño, o rabo alongado e a variabilidade de colorido segundo o sexo, a idade ou a estación contribúen a que non sexa fácil distinguirmos especies dentro deste xénero. As persoas informantes ou ben coñecen unha única ave ou, noutro caso, especifican, xeralmente engadindo un modificador.

4.1.2. Análise semántica

Sobre as designacións deste paxaro, contamos cos seguintes estudos: Santos Rincón (1951) e Mondéjar (1985, 1991, 1992) achegan información sobre as designacións no espazo iberorrománico; Sanchís i Guarnier (1956) estuda as denominacións en catalán. No ámbito do galego e o portugués, Álvarez Pérez (2011) estuda os termos referidos á lavandeira, xunto co paporrubio, a xoaniña, a libélula e o carrapato no arquipélago dos Azores e o mesmo autor expón unha clasificación das designacións da lavandeira, presentes no norte de Portugal e Galicia (2013).

As denominacións desta ave están motivadas, fundamentalmente, polas súas características físicas, o comportamento e o hábitat en que se desenvolve. Neste estudo seguiremos, dun xeito máis detallado, a seguinte clasificación, en función da fonte da motivación:

- a. Aparencia física: a cor
- b. O comportamento e o hábitat
- c. A alimentación
- d. Época do ano en que aparecen
- e. O parecido con outros animais

f. Cruzamentos entre termos

a. Denominacións motivadas pola cor

Analizamos separadamente as designacións que teñen como orixe a cor que predomina no conxunto do corpo do animal e as que aluden á cor dunha parte.

a.1. A cor xeral

Fundamentalmente, hai unha diferenciación entre aquelas especies que teñen toda a plumaxe branca, gris e negra (*M. alba alba* e *alba yarrellii*) e aquelas outras que, ademais das cores branca e negra, teñen o lombo verdoso (*M. flava*) e as partes inferiores máis ou menos matizadas de amarelo (especies *flava*, *cinerea* e *citreola*). As primeiras son denominadas por medio das lexías *lavandeira branca*, *lavandeira clara* (*alba alba*); e *lavandeira moura*, *lavandeira enloitada* (*alba yarrellii*); o cualificativo *verdeal* aplícase á *M. flava*, mentres que son nomeadas como *lavandeira amarela* e *lavandeira das amarillas* calquera das que teña esta cor. *Lavandeira* é o termo xenérico e o falante engade o cualificativo descritor cando precisa opoñer as especies. Noutras palabras, temos, en primeiro lugar, designacións motivadas por unha característica morfolóxica do animal, a cor, cun complemento transparente que diferencia especies: máis clara (*M. a. alba*), máis negra (*M. a. yarrellii*) ou amarelas, segundo a coloración dominante. Podemos engadir que os nomes científicos das diferentes especies reflicten que a cor é unha característica definitoria deste animal; así, *alba* (< lat. ALBUS, -A, ‘branco, branca’), *cinerea* (< lat. CINIS, CINĒRIS, ‘cinza’), *flava* (< lat. FLĀVUS, -A, ‘amarelo, amarela’) e *citreola* (de CITRUS, ‘limoeiro’ ou do lat. tardío, CITRĪNUS, ‘parecido ao limón’) (DELE⁷).

Neste apartado de denominacións formadas a partir da cor incluímos outros dous termos: *albela* e *crego*. O primeiro é unha voz con orixe, probablemente, nun especificativo que caracterizaba a ave, *albela* e a súa variante con rotacismo, *arvela*, recollidas en NGA-DUCG e en NGA-DE, pero que acabou por devir un apelativo. Esta palabra é un derivado de *alba*, seguido do sufixo *-ela*. No DRAG (s. v. *albelo*, *albela*) figura este adxectivo co significado ‘de cor clara ou máis clara ca outro da mesma especie ou variedade’. Trátase, pois, dunha designación descritiva, de tipo metonímico (A COR POLO ANIMAL). Respecto a *crego* (recollida só en NGA-DE), motiva esta asociación terminolóxica a cor da vestimenta tradicional dos cregos, negra e con certos complementos, como a cugula, en branco. Trátase dun proceso de antropomorfización que se pode considerar unha metáfora de imaxe (Santos e Espinosa 1995: 45, Masid 2019: 76), construída sobre a mesma metonimia citada para *albela* e mediante a cal se proxecta a imaxe esquemática do crego sobre o corpo da ave.

⁷ Os diferentes dicionarios cítanse só mediante a sigla correspondente, que pode consultarse na Bibliografía xeral e nas referencias bibliográficas do Corpus.

Ademais das denominacións comentadas arriba, que describen fielmente a cor deste paxaro, é preciso engadir outro composto, *lavandeira real*. O cualificativo *real* é reservado habitualmente para aquelas aves que destacan, polo seu aspecto, entre as que reciben o mesmo nome. Deste xeito temos *peto real*, *paporrubio real* etc. O termo é aplicado á *M. cinerea*, amarela e permanente en Galicia, que, sen dúbida, ao longo do inverno, rechama, fronte ás outras lavandeiras sedentarias, de cor branca e negra.

a.2. A cor dunha parte do corpo.

Tamén se inclúe neste apartado de designacións motivadas pola cor o composto léxico *rabiñaloura*, que fai referencia á cor do rabo deste animal, *loura*, escura⁸. O primeiro compoñente é un diminutivo de *rabo* (< lat. RAPUM, ‘nabo’, pola semellanza coas follas desta planta, DELE), que adopta a forma feminina, *rabiña*, en coherencia coa maior parte dos nomes da ave, *rabolouro* > *rabiñolouro* > *rabiñaloura*. O rabo, xunto coa cor, é a característica morfolóxica máis destacada. Esta formación ten como orixe unha metonimia do tipo a PARTE (o rabo) POLO TODO (o animal).

Por último, entre as designacións coa motivación da cor, temos o composto sintagmático *cu de sebo* (Muxía). Baixo este lema, no TLPGP (en Ríos Panisse, 1983) aparece a seguinte aclaración: “La denominación proviene seguramente de la glándula sebácea que tiene el ave en la región coxal”. Pensamos que esta afirmación fai referencia á glándula uropixial, que a maioría das aves ten na base da cola e da que extraen un aceite para protexeren as plumas. Non se trata, polo tanto, de algo específico da lavandeira. Tendo isto en conta, a designación *cu de sebo* debería estar en consonancia coas restantes denominacións. A forma de mover a cola con oscilacións en sentido vertical fai que se perciba a parte inferior como branca, da cor do sebo. O uso de *cu*, unha parte do corpo, como designación do animal é unha metonimia do tipo A PARTE POLO TODO, como observamos anteriormente respecto a *rabiñaloura*. Por outra banda, non é inusual que o termo *cu* (< lat. CŪLUS) se utilice, á par de *cola* ou *rabo*, para nomear a lavandeira, como é o caso da palabra castelá *culiblanco* (Mondéjar, 1985) ou *culblanca* en catalán (Sanchís i Guarner, 1956).

b. Denominacións motivadas polo comportamento e o hábitat

Neste apartado pódese diferenciar entre as denominacións motivadas pola particular forma de moverse a ave, é dicir, a motricidade (§ b.1.) e aquelas outras en que o hábitat e o comportamento xeral determinan as designacións que se lle aplican (§ b.2.).

b.1. Denominacións motivadas polos movementos e desprazamentos

O movemento deste paxaro é a base da denominación en latín. A palabra latina *motacilla*, aparece citada en Varron, “*motacilla quod semper mouet caudam*”, e en Plinio, segundo expón

⁸ O termo *loura* é polisémico. Está definido no DRAG (s. v. *louro loura*) como ‘de cor castaña escura tirando a vermella, coma a da castaña madura’. No DFG figura a acepción ‘escura’, que é a que aquí se utiliza.

André (1967) nun estudo sobre os nomes latinos dalgúns paxaros. Este autor dá como sinónimos *cauda tremula* e *uibrissa*. O termo *motacilla* non se mantivo nas denominacións da ave en galego, as cales son todas de formación románica. Tampouco se rexistran evolucións de *cauda tremula*, que podería dar lugar a voces co compoñente *cola*. Pola contra, *uibrissa*⁹ puido ser orixe do termo actual *brandisa*, de motivación bastante escura. Tamén podemos considerar que *brandisa* ten a base lexemática do verbo *brandir*¹⁰, o cal figura no dicionario da RAG (s. v. *brandir*) co significado de ‘soster na man [unha arma ou outra cousa], axitándoa no aire ou facéndoa oscilar en sinal de ameaza’. Como sabemos, a rapidez das oscilacións ao mover a cola caracteriza a lavandeira. Nomear este paxaro por como move ou brande a cola responde a un proceso de conceptualización metonímica do tipo A ACCIÓN POLO ANIMAL.

No galego actual, a denominación xeral e máis común é o termo *lavandeira*. Non é o nome máis estendido na Iberorromania. Podemos atopar *lavandeira*, xunto coas variantes *lambandeira*, *labandeira*, *lambadeira* e *levandeira* (TLPGP) en portugués (norte de Portugal, Azores e Madeira) e no castelán, *lavandera*; pero non en catalán. No que se refire a este último, Sanchís i Guarner (1956: 11) sinala: “Però dins el domini lingüístic català no he trobat cap rastre de *llavanera*, *llavadora* (ni tampoc dels sinònims *bugadera*, *rentadora*) com a nom d'ocell”. Mondéjar (1991: 135) afirma que “Sólo en la Romania Occ. se encuentran derivados de LAVANDARIA —en lat. clásico 'ropa blanca que ha de ser lavada'— para nombrar la aguzanieves y, actualmente, sobre todo, en los dominios lingüísticos gall., port. y esp.”

Respecto á forma do francés *lavandière*, Mondéjar conclúe que hoxe é practicamente “inusitada” (1991: 135); non obstante, en dicionarios como Larousse atopamos (s. v. *lavandière*) a acepción ‘nom usuel d'une bergeronnette grise’ e ‘on en rencontre en France trois espèces: la printanière, ou flavéole, la grise, ou lavandière, et la cendrée’ (s. v. *bergeronnette*).

O termo *lavandeira*, derivado do verbo *lavar* (< lat. LAVO, LAVĀRE), designa a muller que lava. A denominación da ave como *lavandeira* xorde da comparación coa muller que realiza a acción de lavar e que, tradicionalmente, o facía no lavadoiro ou na beira do río e do regueiro (Álvarez Pérez 2011). Trátase dunha metáfora de imaxe mediante a cal se proxecta a imaxe esquemática da muller que realiza a acción no comportamento da ave. Álvarez Pérez (2011: 406-407) sinala:

por um lado, este animal alimenta-se fundamentalmente de insectos e larvas, que encontra em quantidade nas ribeiras e demais cursos de água; por isso, frequenta muito esses lugares e, quando havia pessoas lavando nos rios, não se importava e caminhava entre elas à procura da sua comida. Por outro lado, os movimentos que fazia com a sua cauda, um contínuo vaivém, semelhavam estar a imitar os golpes que as mulheres, que

9 *Vibrissa* est une formation régressive à partir de *uibrissare*, fréquentatif de *uibrare* “agiter, hocher” (André, 1967).

10 Neste caso, non obstante, resulta difícil explicar a terminación do substantivo.

estavam a lavar, davam à roupa. E, assim, este pássaro começou a ser denominado metaforicamente *lavandeira*, na linha do proceso de humanización.

Aínda que Mondéjar parece inclinarse por situar a orixe da designación no vocábulo latino LAVANDARIA (V. *supra*) e na motivación da cor, a hipótese que nos parece máis aceptable é a de base antropomórfica aquí exposta, dado que é a máis coherente co conxunto de designacións analizadas ao longo deste estudo.

As denominacións *lavandeiro*, *lavandisca* (ambas as palabras con só un rexistro, no ALGa e no ALPI, respectivamente) e *lavañeira*¹¹ teñen a mesma motivación que a descrita para *lavandeira*, a de estar sempre en movemento á beira da auga. O uso do masculino, *lavandeiro*, non é habitual para nomear este paxaro. En *lavandisca* atopamos o sufixo diminutivo *-isca*, pouco común, que podemos ver en palabras como *nevarisca*. Pola contra, *lavañeira* engade ao lexema o sufixo derivativo *-eira*, que se pode entender como caracterizador (que se lava moito) ou, en coherencia con outras designacións, como indicador de oficio. Neste termo, entre ambos os elementos introdúcese, a consoante *-ñ-*, un interfixo.

Outra denominación que ten como razón de ser o movemento é *costureira* (rexistrada en Mondoñedo). Ao igual que *lavandeira*, tamén se constrúe a partir dunha metáfora de imaxe, motivada pola forma áxil de moverse a lavandeira e que xorde unha vez máis da translación da realidade dos humanos ao contorno natural.

Seguindo este mesmo procedemento designativo, baseado en antropomorfismos con orixe no movemento do animal, atopamos as formas *señorita* e a variante *siñurita*, ademais de *siñuriña* e *siñuriña do mar*, e tamén os antropónimos *margarita*, *mariquita* e *marigarcía*.

O diminutivo *señoriña* está, sen dúbida, vinculado ao pequeno tamaño da ave. No ALGa, recóllense as formas *siñuriña* e *siñuriña do mar* de xeito diferenciado e no mesmo punto da provincia da Coruña (Porto do Son). Tendo en conta que Penas, Pedreira e Silvar (1991: 226) indican que a *Motacilla cinerea* é “principalmente sedentaria con paso abondoso pola costa en setembro-outubro”, non dubidamos en considerar que o complemento *do mar* está motivado por esta presenza onda o mar ou co paso por zonas próximas ao mar, o lugar en que tamén son vistos os individuos procedentes do norte de Europa e de camiño a zonas cálidas. Os mesmos autores en edición posterior (2004: 230) engaden que a *Motacilla flava* “vese máis na metade occidental, especialmente no litoral”. E engaden “a *M. f. flavissima* vese en paso costeando”. Deducimos que a

11 A lavañeira é, ademais, o crustáceo chamado tamén nécora, andarica ou navalleira (DRAG). Ave e crustáceo son designados co termo *lavañeira* no concello da Guarda, segundo se recolle no TLPGP, mais esta circunstancia non implica que o crustáceo sexa a fonte designativa da ave, senón que se pode tratar dun caso de polisemia, dada a relación dos dous animais coa auga.

designación *lavandeira do mar* se usa para diferenciar algunha das especies que teñen cor amarelenta, permanentes ou en paso, da lavandeira branca, a *siñuriña*, sen especificativo.

Margarita e mariquita recóllense no ALGa, cada unha nun só punto, e sitúanse nas falas asturianas, xunto ás formas *sembradora* e *lavandera*, a maioritaria. Pola súa parte, o ALPI localiza no galego de Asturias *margarita*, *mariquita* e *marigarcía*, ademais das formas *lavandeira* e *lavandera*. O nome *María* é un dos máis habituais nas denominacións debido á súa prototipicidade como nome feminino, sexa directamente, a través dun hipocorístico, *mariquita*, ou coa adxunción dun apelido común como en *marigarcía*. A recorrencia á onomástica feminina, como a sinalada neste tres casos, reforza a idea da motivación designativa desta ave, case sempre, relacionada coa muller.

Respecto á denominación *engadadora* (O Grove), partimos do sentido figurado que trae o dicionario da RAG (s. v. *engadar*), ‘atraer [alguén] con engados’ e estes (s. v. *engado*), ‘aquilo que atrae e seduce dunha persoa ou cousa’. Esta designación está en consonancia coa antropomorfización feminizante da maioría das voces usadas para a lavandeira, mesmo tomando algúns dos estereotipos máis acentuados, coma neste caso. A denominación da lavandeira como aquela que engana non é allea ao seu sistema designativo: Sanchís i Guarner (1956: 153) inclúe a voz catalá *enganyapastor* e engade que se chama así “perquè la seva gran agilitat de moviments li permet de defugir l'home, enganyat per aquella familiaritat”; Mondéjar (1992) recolle os termos casteláns *engañapastor* e *engañista*. Este autor coincide en que a razón está en que é un paxaro que se aproxima ás persoas, mais non se deixa coller (1992: 42).

No mesmo concello que *engadadora* (O Grove) tamén se recolle a forma *engaladora*, con só un rexistro. Dada a proximidade fonética entre *engaladora* e *engadadora* (con consoantes que teñen os puntos de articulación moi próximos, alveolar e dental, respectivamente), cabe pensar que se trata de variantes dun mesmo lema, sobre todo tendo en conta que se rexistran no mesmo espazo. A similitude dos termos leva a considerar que incluso é posible un erro de transcripción na recollida. O significado de ‘levantar voo’, recollido no DRAG (s. v. *engalar*) non parece ser unha característica destacada, condición requirida para ser fonte de motivación designativa.

Tal e como acabamos de ver, obsérvase un predominio de designacións femininas, en moitos casos de carácter metafórico, baseadas moitas veces na imaxe tópica e tradicional da muller, cuestión que expón Mondéjar (1992:27) do seguinte xeito:

Este pajarillo, en general, es visto por el hablante como femenino, casi como encarnación de lo femenino, en algunos casos, y de ahí sus personificaciones onomasiológicas, prácticamente todas femeninas, *posiblemente por su gracia y por su fragilidad, entre otras razones que puedan imaginarse*¹².

12 A cursiva é nosa.

Debandeira e *debandoura* son termos que nomean un obxecto, definido no dicionario da RAG (s. v. *debandeira*) como ‘aparello xiratorio en que se coloca a madeixa para debandala’, ou sexa, para formar os nobelos. Á vez, o TLPGP (baixo o lema *debandeira*) recolle o significado de ‘persoa que anda moito ou que enreda’. De partirmos do significado do utensilio, tamén chamado *argadelo*, estaríamos ante unha designación metafórica, UN OBXECTO É UN ANIMAL, motivada polo continuo movemento da ave, a semellanza do movemento de devandito instrumento. E un proceso de conceptualización similar posibilitou a acepción do termo como ‘persoa que anda dun lado para outro dando voltas’. Cómpre engadir que mencionar animais con nomes de obxectos cos que manteñen similitude é bastante común; son exemplos disto *rabicandil*, para a lavandeira, en castelán, citada por Mondéjar (1985), ou *navalla* e *cazón* para outros animais.

A esta interpretación podemos engadirlle, non obstante, outra apreciación: tendo en conta que *debandeira* (Marín, Meaño, Bueu) se recolle nos mesmos lugares ou lugares próximos ca *ravandeira* (Marín) e *revandeira* (Vilanova de Arousa), é probable que houbera un intento de remotivación a partir das formas con vibrante inicial (V. § f., respecto a estas últimas formas).

b.2. Denominacións motivadas polo comportamento e o hábitat

Este conxunto de aspectos dá orixe a boa parte das denominacións da ave tratada. O hábitat, e concretamente o espazo onde a lavandeira busca alimento e acubillo, é outro dos aspectos determinantes para a súa designación. De aí que os nomes da lavandeira estean motivados ou unicamente por ese hábitat ou polo comportamento que a caracteriza asociado a hábitats concretos. Deste xeito, podemos agrupar as denominacións deste apartado como segue: a casa ou o monte, a auga, os campos, as pedras:

- É un paxaro que non rexeita a proximidade das vivendas e dos humanos; de aí que poida ser nomeado como *lavandeira caseña* e *lavandeira da casa*, con modificador adxectivo e preposicional, respectivamente.

As voces *lavandeira da casa* (*M. alba*) e *lavandeira do monte* (*M. flava*), referenciadas en Vilagarcía, recóllense no TLPGP coa aclaración sobre a especie. O feito de que compartan a mesma localización leva a pensar que as especificacións *da casa* fronte a *do monte* se engaden só cando convén diferenciar a ave amarela, a *do monte*, da que non o é.

- O contorno da auga está relacionado coa designación *lavandeira* e tamén con *lavandisca*, *lavañeira* e *lavandeiro*, derivadas todas da comparación coa muller que lava (V. § b.1.).

Andarriós e *laverca dos canos* son denominacións directamente motivadas por un dos hábitats preferidos da lavandeira, a auga, e nelas figura o nome de leitos por onde esta flúe, os ríos e os canos.

As variantes que forman parte do corpus, *andarrío* (Porto) e *andarrius* (A Fonsagrada), son voces formadas por un verbo en presente que describe a actividade realizada, andar, e un substantivo referido ao lugar por onde anda, o río. O procedemento de conceptualización está baseado, polo tanto, nunha metonimia do tipo A ACCIÓN POLO ANIMAL.

A lexía *laverca dos canos* (V. § e.) está constituída de xeito similar a outras designacións utilizadas para este paxaro que tamén fan referencia ao hábitat, *do monte, da casa*. Neste caso, trátase dunha canle ou leito artificial, xeralmente pouco profundo, por onde corre a auga.

- As lavandeiras poden encontrarse a miúdo sobre o chan, nas hortas, nas leiras ou en pradeiras, arredor das vacas e ovellas. Buscan alimento entre os insectos que acompañan os animais, larvas na frescura da terra dos sucos que o agricultor acaba de abrir ou pequenas sementes. Esta circunstancia dá lugar a designacións, formalmente moi diversas, como *lavandeira da veiga, lavandeira do gado, albardeira, pastoriza, alindadora e alindador, boieira, labradeira, sembradora, sementadeira, pastora, pastoriña, paxaro pastor, vaqueira e vaqueirán, gardabois e gardagandos*.

As dúas primeiras son lexías complexas, con complementos preposicionais; *gardabois* e *gardagandos* son compostos léxicos, *paxaro pastor* é un composto sintagmático e os termos restantes son, en xeral, derivados con sufixos que indican *oficio*.

A presenza habitual do paxaro, sexa en terreo de cultivo ou de pasto, orixina tres designacións: *lavandeira da veiga, lavandeira do gado e pastoriza*. Tamén incluimos neste apartado *albardeira*, derivado de *albarda*, mencionada só en NGA-DE, nome motivado tamén pola querenza por andar na proximidade dos animais.

O termo *pastoriza* figura no DS entre o listado de sinónimos de *prado*, de *lamela* e de *campo*, razón pola que o interpretamos como locativo, lugar de pasto. A conceptualización da lavandeira aparece así motivada por un proceso metonímico en que se emprega o lugar en que se adoita encontrar o animal para sinalalo, O LUGAR POLO ANIMAL.

O proceso de conceptualización, explicado para *lavandeira* (V. § b.1.), en que o corpo do animal e o seu comportamento no contorno en que se move é antropomorfizado a partir da similitude coas persoas, dáse nas designacións que indican *oficio* ou persoa que realiza unha determinada actividade (*alindadora e alindador, boieira, labradeira* e variantes, *sembradora, sementadeira, pastora, pastoriña, paxaro pastor, vaqueira e vaqueirán*). Nestas denominacións a ave é a que coida ou alinda o gando, vacún e ovino, ou a que realiza o labor de espaxar a semente. Salvo no caso de *alindador, paxaro pastor* e probablemente no de *vaqueirán*, o proceso de designación utilizado, a metáfora de imaxe, segue a ter como dominio fonte a muller, presente sempre nestes labores do

traballo do campo. A identificación cunha profesión considerada feminina segue sendo un dos patróns designativos usados para esta ave, o da antropomorfización, baseada moitas veces na imaxe tópica e tradicional da muller (V. § b.1.).

A respecto da voz *vaqueirán*, que se recolle só en NGA-GDXL e unicamente co sinónimo *lavandeira*, non sabemos se corresponde a unha zona de feminino rematado en *-án*, se este puido seleccionarse por ser característico de profesión (*escribán*, *tecelán*) ou simplemente polo seu valor de *relativo a*.

A maneira de actuar ou comportamento da lavandeira constitúe tamén a motivación de designacións compostas como *gardabois*, *gardagandos*, só recollidas en dicionarios. Nesta denominación, tanto a formación da palabra, composta de verbo e substantivo, como o procedemento de conceptualización, unha metonimia do tipo A ACCIÓN (gardar) POLO ANIMAL, son idénticos aos indicados para o termo *andarríos* (V. *supra*).

- A voz *puntalouza*, rexistrada na Fonsagrada, ten tamén unha motivación baseada no hábitat e no comportamento, xa que a lavandeira gusta de pousarse non só sobre as pedras da beira do río senón tamén sobre calquera outra e os seus dedos finos desprázanse sen dificultade polo bordo das lousas.

c. Denominacións motivadas pola alimentación

O nome *nabiñeiro* provén de *nabiña*, semente dos nabos e, por extensión, doutras hortalizas, das que se alimenta a ave.

Os termos, derivados de millo, *millarenga* e *millarengo*, recollidos unicamente en dicionarios, (NGA-DFG-DUCG) son usados para distintas aves, xeralmente de pequeno tamaño. O dicionario da RAG (s. v. *millarengo*, *millarenga*, adx.) indica '[paxaro] que vive entre os milleirais e se alimenta de millo'.

Estes nomes relacionados coa fonte de alimentación, aplicados á lavandeira, tamén poden ser interpretados como denominacións zoomórficas (Cfr. § e.).

d. Denominacións motivadas pola época do ano en que aparecen

A palabra *neve* figura nas lexías *paxariña da neve* (NGA), *paxaro da neve* (ALGa, Cospeito) e *auganeve* (TLPGP, Porto) e noutras dúas voces que non se localizaron en ningunha das fontes orais manexadas, senón en dicionarios, *aguzaneve* e *nevarusco*. Estas últimas son un composto léxico, *aguzaneve*, e un derivado diminutivo masculino, *nevarusco*, que está formado a partir de *neve*, o interfixo *-ar-* e o sufixo *-usco*. O vocábulo *nevarusco* debemos entendelo como sinónimo de *nevisca* ou *nevarisca*, definidas no DRAG (s. v. *nevarisca*) como 'neve miúda mesturada con

chuvia, xeralmente acompañada de vento'. No TLPGP figura o rexistro *nevarusca*, variante *neberusca* (Lubián, Zamora), co significado de neve miúda e fina.

Mondéjar (1985) considera que a palabra *neve* está presente nalgúns denominacións porque cando comeza o frío algunha das especies chega ao sur da península Ibérica para invernar, procedente de países máis ao norte. De aí a asociación entre as circunstancias climáticas e o nome do animal. De ser acertada esta explicación, a designación ha de corresponder á *Motacilla flava*. Esta mesma especie ten denominacións en catalán vinculadas á época do ano en que comeza a verse en terras catalás, que “té alguns noms que es refereixen a la seva arribada amb el bon temps a la primavera d'abril” (Sanchís i Guarner, 1956: 154): *primavera* e *pascueta*.

Penas, Pedreira e Silvar (2004: 334) explican que, en Galicia, “*M. a. yarrellii* é escasa, pero regular e vese en inverno de outubro a mediados de abril”. Polo tanto, esta, a lavandeira moura, chega co frío. Por outra parte, tendo en conta que as voces galegas *paxaro da neve* e *auganeve* se rexistraron en lugares fríos, Lugo e Zamora (Porto), pensamos que a relación se establece entre a *M. a. yarrellii* e a chegada do mal tempo e non coa *M. flava*, invernante no sur da Península.

Neste apartado, incluímos o termo *zarapatelo* que aparece recollido no DdD (C. García González, 1985) co valor de *auganeve*, ou sexa, *nevisca*, *nevarusco*. Esta designación da lavandeira parte da mesma motivación que os nomes aquí citados: a chegada do mal tempo. O mecanismo cognitivo que explica esta denominación é unha metonimia do tipo O FENÓMENO METEOROLÓXICO POLO ANIMAL.

e. Denominacións motivadas polo parecido com outros animais

Dentro do grupo de motivacións zoomórficas encontramos o nome xenérico *paxaro* (< lat. PASSĒR, lat. vulgar *passar*), seguido do complemento apositivo *pastor* que, como vimos máis arriba, responde a unha motivación antropomórfica que expresa *oficio*, ou seguido da especificación preposicional *da neve*, *paxaro da neve*. O xenérico na forma de diminutivo feminino está presente na denominación *paxariña da neve*.

Os ornitónimos utilizados para mencionar a lavandeira son *millarengo* e *millarenga*, *nabiñeiro* (V. § c.), *laverca*, *escribidora* (O Grove), a variante *escribioeira* (posible erro de transcripción por *escribideira*) e *escribienta* (Fistera, ALGA). Tanto a escribente (*Emberiza* sp.) como a laverca (*Alauda arvensis*) comparten tonalidades amarelas coas lavandeiras. O *nabiñeiro* está definido no dicionario da RAG (s.v. *nabiñeiro*) como ‘paxaro da familia dos frinxílicos coa plumaxe de tons pardos, co peito e a testa encarnados durante a época estival nos machos. Sinónimo: *liñaceiro*’. As palabras *millarengo*, *millarenga* e *nabiñeiro* tamén poden ser usadas dun xeito máis xeral para referírmonos a diversos paxaros que se alimentan de pequenas sementes, como o xa citado

liñaceiro. Consideramos que as designacións *laverca*, *escribidora* e *escribienta* poden deberse a unha confusión de referentes, por parte dos informantes ou dos lexicógrafos, tal como propón Álvarez Pérez (2013) ao citar a voz *laverca* para a lavandeira.

A designación *laverca dos canos* (V. § b.2.) é diferente, dado que o complemento *dos canos* especifica e, polo tanto, evita esta confusión. Esta voz está motivada polo hábitat da lavandeira e así se expresa, baixo este lema, no TLPGP (López Loureiro, 2016): ‘Termo reservado para a *Motacilla cinerea* en clara alusión á súa querenza polos regos de auga corrente, as beiras dos ríos ou oreas húmidas de encoros ou lagoas’. Non se trata, polo tanto, dunha confusión de referentes, que si se produciría de usarmos só a voz *laverca* (Álvarez Pérez, 2013), senón da recorrencia ao nome dun paxaro co que mantén certa semellanza.

O vocábulo *andarríos* é utilizado para diferentes aves que teñen en común o feito de vivir en lugares onde hai auga; no DS figura como sinónimo do bilurico, do martiño peixeiro ou do merlo rieiro, entre outros.

Finalmente, podemos tamén considerar que o termo *raxela* está motivado non polo parecido físico cun animal, senón que a relación vén dada polo hábitat e a forma de actuar que ambos comparten. A palabra *raxela* é, morfoloxicamente, feminino de *raxelo*. *Raxelo* e a variante *rexelo* están recollidas no *Diccionario de Dicionarios* (DdD) co significado de cordeiro que aínda mama. Nesta mesma fonte, podemos ver a explicación de Sarmiento (1746-1770): ‘su primitiva raíz es *res*, *rei*, que significa cosa, y de ahí la voz *res* y *reses*, aplicándose al ganado. [...] Es pues *rexêlo* una resecilla, en castellano o es una *res* pequeñita; si es corderita, *rexêla* y *rexêlo*, si es corderito’. Pola súa banda, no DRAG, figura (s. v. *roxelo*) ‘cría nova da ovella. Forma menos recomendable: *rexelo*’. A motivación explícase, unha vez máis, porque a lavandeira é pequena e anda arredor do gando adulto, ao igual que os cordeiros.

f. Cruzamentos: ravandeira e labrandeira

As designacións *ravandoira* (Marín, no TLPGP) e *revandeira* (Vilanova de Arousa, no ALPI) poden ser consideradas cruzamentos de *rabo* con *lavandoira* e *levandeira* / *lavandeira*, respectivamente. A variante *rabadoira*, presente no DS, que incluimos baixo o lema *ravandoira*, responde probablemente ao mesmo proceso de cruzamento de termos. Non debe ser considerado un derivado de *rabo* dado que o sufixo *-doiro* é un deverbial.

Aínda que a maioría dos termos citados na sección destinada a estudar as designacións con motivación no movemento son transparentes e, en particular, os que nomean *oficios*, a voz *labradeira*, que figura en dito apartado, e as súas variantes (*labarandeira*, *labrandeira* e *lambrandeira*), precisan unha análise máis detallada.

No que se refire a *labrandeira*, Álvarez Pérez (2011: 407) afirma que “Embora não seja rara a inserção dum *r* em determinados contextos fonéticos, neste caso parece que estamos diante dum cruzamento de *lavandeira* com o verbo *lavar*”. Mondéjar (1991: 133), respecto á mesma cuestión, expón: “A mi juicio, esta suposición es correcta cuando se trata de formas con *-n-*: *lavandeira* (< l a v a n d a r i a) + *lavar* > *labrandeira* (gall.), *librandeira*, *lambrandera* (port.), pero no cuando aparecen formas como *labradeira*”.

Así pois, para este autor, a explicación semántica de *labrandeira* e *lambrandeira* é a existencia dun cruzamento de *lavandeira* e *labrar*; mais non ocorre o mesmo con *labradeira*, que, deducimos, é só un derivado de *labrar*. Engade que *labrar* posiblemente haxa que tomalo co significado de “hacer labores mujeriles” (Mondéjar, 1991: 134). De seguirmos esta liña argumentativa, *labradeira* pertencería ao campo conceptual de *labradora* e *costureira*, ou incluso a outro de *labradora* e *sementadora*, mentres que *labrandeira*, *lambradeira* e *labarandeira* constituirían un subgrupo de termos cruzados.

4.1.3. Recapitulación

En conclusión, as designacións da *lavandeira*, case todas de xénero feminino, teñen maioritariamente unha base antropomórfica. Esta pode estar fundamentada na cor (*crego*), na motricidade (*lavandeira*, *costureira*, *señorita*, *margarita*, *mariquita*) ou no comportamento e hábitat (*alindadora*, *boieira*, *pastoriña*, *sementadeira*, *labradeira*, *vaqueira*, *andarríos*). Noutras palabras, xorden da consideración de que o seu aspecto e a súa forma de comportarse no espazo teñen semellanza coas accións das persoas e, neste caso, coa muller, concretamente. En termos da lingüística cognitiva, a muller é o concepto fonte fundamental. É de resaltar o feito de que as voces usadas para referirse a esta ave son motivadas e maioritariamente transparentes na actualidade.


Boa parte dos nomes da *lavandeira* son resultado dun proceso de formación metonímico (A COR / A ACCIÓN / O LUGAR / UN OBXECTO POLO ANIMAL). Tamén se observa unha relación metafórica, baseada en antropomorfismos (metáforas de imaxe) en diferentes denominacións como *lavandeira*, *costureira*, *señorita* ou *pastora*.

Respecto á distribución xeográfica, observamos que a designación máis común en Galicia é *lavandeira* e todas as súas variantes (*lavandèra*, *lavandoira*, *lavanveira*, *levandeira*, *livandeira* etc.). Ademais dos casos xa citados ao longo deste estudo (p. ex., *siñuriña*, Porto do Son), algunhas das denominacións rexístranse nos diferentes atlas usados para a conformación do corpus, unha soa vez. Sucede isto, a modo de exemplo, no ALGa: *sembradora* (Asturias), *alindadora* (A Fonsagrada) ou *raxela* (Baleira).

4.2. Pega rabilonga e pega marza

4.2.1. Introducción

En Galicia, temos dous paxaros que coñecemos co nome de *pega*, a *pega rabilonga* e o *gaio* ou *pega marza*. As dúas aves pertencen á familia dos córvidos e son sedentarias en Europa. Á parte disto, pouco máis comparten, salvo as denominacións.



Pega rabilonga¹³



Pega marza ou gaio

Os dous paxaros pertencen a xéneros distintos.

- A pega rabilonga, considerada a pega común, recibe o nome científico de *Pica pica*. Ten a plumaxe branca e negra moi contrastada: plumas escapulares, costas e ventre brancos e o resto negro con irisacións verdes, azuis e moradas (Penas, Pedreira e Silvar, 2004: 408). O que máis destaca da súa fisionomía, á parte da cor, é a lonxitude da cola, que pode acadar 20 ou mesmo 30 cm. En terra camiña a pequenos brincos ou anda. O seu canto máis frecuente é un “chac-chac-chac” e outros sons diversos.

As terras de cultivo, campos abertos con árbores e parques son os lugares onde podemos atopala con facilidade, xa que é moi abundosa en Galicia. Fai o niño en árbores e arbustos. Aliméntase de insectos, miñocas, bagas, grans, froitas, ras, lagartos, cobras, ratos, preas e tamén de ovos e crías doutros animais.

- *Garrulus glandarius* é o nome científico do gaio ou pega marza.

O corpo do gaio é, en xeral, de cor parda rosada coas plumas cobertoiras das ás riscadas de azul e negro e manchas alares negras e brancas (Penas, Pedreira e Silvar, 2004: 406). Tamén é branca a

13 Imaxes. Pega rabilonga:

<https://seo.org/listado-aves-2/cmbOrden=1&cmbPresencia=1&cmbIdioma=gal&cmbFamilia=1869&letra=P>
Pega marza: <https://www.rios-galegos.com/ave469.htm#>

mitra ou punto de nacemento das plumas do rabo, por enriba e por embaixo, moi contrastada co rabo negro. Ten bigotes negros e as plumas do curuto da cabeza son eréctiles e riscadas en branco e negro. En conxunto, é un paxaro de plumaxe moi vistosa. O seu canto é, segundo estes autores, un irto berro “chraaaac” e un miañar xordo.

O seu hábitat constitúeno as fragas, soutos, carballeiras e piñeirais; non adoita afastarse das zonas de arboredo. Cría nas árbores e aliméntase de ovos, pequenos animais, insectos e, sobre todo, landras, que almacena para épocas de escaseza.

4.2.2. Análise semántica

Para o estudo das designacións dispoñemos dun artigo sobre a pega rabilonga, *Pica pica*, publicado no volume II.c do *Atlas Linguistique Roman* (AliR), da autoría de Le Dù e Brun-Trigaud (2018: 231-241). Estes autores parten da revisión etimolóxica e analizan as motivacións semánticas de boa parte das denominacións da ave no conxunto das linguas románicas. Entre estas motivacións sinalan características físicas como o tamaño e a cor (it. *gazza mora*), hábitat e hábitos alimentarios (it. *pica marina*), comportamento (fr. *pie bavarde*), nomes de persoa (esp. *urraca*), zoónimos (fr. *bergeronnette*), crenzas e onomatopeas.

A principal particularidade do noso estudo é a coincidencia de boa parte das denominacións de dúas aves, non obstante claramente diferenciadas. Le Dù e Brun-Trigaud sinalan que tal circunstancia se dá en italiano, “dans une grande partie de l'Italie, le geai et la pie ont la même dénomination” (2018: 233), pero non recollen o feito de que en galego ocorre exactamente o mesmo. Como explicación, afirman que “on remarquera d'ailleurs que *pica* a, en lat., comme premier sens, geai”.

André (1967: 127) indica, por unha parte, que *pīca*, *-ae* é un nome onomatopeico antigo utilizado por Plinio para nomear o gaio, “l’oiseau consommateur de glands qui [...] ne peut être que le geai des chênes”. Agrega que *glandaria*, *gaia*, *pica glandaris* e *cissa* son sinónimos de *pica*, ou sexa, distintas formas de nomear o gaio en latín. Por outra banda, este autor sinala que unha nova especie chegada á Italia central, descrita tamén por Plinio coas características exactas da pega rabilonga, foi considerada un novo tipo de *pica* e nomeada como *pica varia*, pola súa plumaxe negra e branca, para diferenciala doutras especies de *picae*. É dicir, a palabra *pīca* (> *pega*) xa designaba en latín as dúas aves que hoxe en día levan este nome en galego, seguido en boa parte das denominacións, tanto na lingua de orixe como na actualidade, de especificativos que, en principio, as distinguen. Respecto á denominación *gaia*, *-ae*, André (1967: 78) afirma que se trata dun nome

tardío do gaio que, xunto con *glandaria*, ‘que se alimenta de landras’ (< GLANS, GLANDIS) (1967: 128), substituíu a *pica* no baixo latín e despois nas linguas románicas.

Despois desta breve mención aos nomes latinos e da exposición da razón que explica a coincidencia de denominacións dos dous paxaros, continuaremos coas designacións, que están motivadas, fundamentalmente, polas súas características físicas, o comportamento e o hábitat en que se desenvolven. Nas referidas denominacións non só hai coincidencia do nome *pega*, utilizado como xenérico, senón tamén de boa parte das especificacións que o seguen e que deben ter a función de diferenciar as dúas aves. En cada apartado, trataremos os nomes comúns e, a continuación, os nomes particulares da pega rabilonga e da pega marza, por esta orde e indicando estes subapartados mediante puntos, sempre que sexa posible separar as designacións dos dous paxaros.

Os aspectos que motivan os nomes destas aves son os que seguen:

- a. Aparencia física
- b. O hábitat e o comportamento
- c. A alimentación
- d. O parecido con outros animais
- e. Outras motivacións

a. *Aparencia física*

a.1. A cor

A cor é, sen dúbida, unha característica sobresaínte en ambos os paxaros.

Mentres que André (1967: 127) indica que *PĪCA* é unha onomatopea, que fai referencia a un movemento rápido acompañado dun ruído seco, Le Dù e Brun-Trigaud (2018) consideran que o termo *PĪCA*, do que procede *pega*, por sonorización da consoante intervocálica, pode presentar unha raíz *PIC-* co sentido de ‘golpear’ ou ben significar ‘que ten varias cores’¹⁴. Este último sentido coincide co recollido no DRAG (s. v. *pego*, *pega*), ‘que ten mestura de cores, especialmente branca e negra’. Pola súa parte, Corominas e Pascual (DCECH, 1980-1991) indican que *picaza*

junto con sus variantes *pica*, *pega* y *pegaza*, está en relación con el lat. *PĪCA*; pero el tratamiento fonético de las voces romances prueba que no son descendientes de esta palabra latina, sino nuevas creaciones a base del radical expresivo *PIC(C)-*, que indicaba la idea de ‘golpe’ y de ahí la de ‘señal’ (dejada o no por un golpe), aludiendo en este caso a las manchas y colores varios de la urraca.

14 Os autores indican que este significado está tomado do *FEW* (*Dictionnaire étymologique et historique du galloroman*).

Así pois, poderían ter unha motivación descritiva baseada na diversidade de colorido do animal todas as designacións procedentes da base latina PĪCA; *pega*, *pego*, *pica*, *picaza*, *picaraza*, *picacrega*, *pigarexa* e incluso *pigarra*, *pigarro* e *piarro*. O proceso de formación do nome *pica* (de varias cores), e derivados, pode estar, así, baseado nunha metonimia do tipo A COR POLO ANIMAL.

Pica, a designación máis antiga, e as formas derivadas por sufixación, *picaza*, *picaraza* e *pigarexa* son denominacións da pega rabilonga. *Picaza* e *picaraza* presentan o sufixo *-aza* (< lat. -ACEA), que pode ter valor aumentativo ou, tal como indican Le Dù e Brun-Trigaud (2018: 232), pode significar ‘golpe’ ou ter incluso un sentido pexorativo. Este último valor está presente no sufixo *-exa* (< lat. -CULUS, -A, -UM) da denominación *pigarexa* onde, ademais, se produciu a sonorización da consoante velar oclusiva.

Tamén designa este paxaro o composto *picacrega*, formado por dous substantivos en aposición. O segundo deles, *crega*, é resultado dunha antropomorfización do animal. Trátase dunha metáfora de imaxe (Santos e Espinosa 1995: 45, Masid 2019: 76) mediante a cal se proxecta a imaxe do crego, vestido de negro con algún complemento branco, no corpo do paxaro, predominantemente negro.

Pigarra, *pigarro* e *pigharro*, esta última con aspiración da oclusiva sonora, son denominacións do gaio rexistradas no sueste de Ourense. Son termos tamén procedentes de PĪCA, con sonorización da oclusiva intervocálica /k/. Na zona limítrofe de Zamora, en Porto, aparece a forma *piarro*, sen consoante, xa que na subárea dialectal de Porto se produce a perda do -g- precedido de *i*, como en *mía*, ‘miga’ (Fernández Rei, 1990: 146). O sufixo *-arra* / *-arro*, presente nas tres palabras, aparece en *picarro*, unha das designacións do *peto*, en castelán (DLE, s. v. *picarro*, ‘pájaro carpintero’). Esta terminación pode ter un valor esencialmente despectivo.

No DdD (L. Carré Alvarellos, 1979) figura o termo *pigarro* como equivalente a “grajo” en castelán e na mesma base de datos, en C. García González (1985), *pigarra* e *pigarro* preséntanse como variantes de *pigardo*, que, á súa vez, remite a *pigargo*. *Pigargo* procede do grego PÝGARGUS, de PYGÉ, ‘nádega’ e ARGÓS, ‘branco’ (DELE, s. v. *pygargus*, -i) e figura no nome común e no nome científico de diferentes aves entre as que están pequenas aguias (*Circus pygargus*), a aguiá mariña e córvidos como a gralla. Independentemente de cal sexa o étimo destas designacións do gaio, co significado ‘de varias cores’ ou ‘de traseira branca’, a motivación do nome parece estar na cor.

Pega, con diferentes realizacións na lingua oral máis ou menos aspiradas, é a denominación maioritaria da *Pica pica* e, pola contra, presenta moitas menos mencións referidas ao gaio. O masculino *pego* é tamén escaso, xa que só hai un rexistro, en Vilalba (TLPGP), e outro, *pego bravo*, en Sober (ALGa). O masculino, como substantivo epiceno, non se utiliza, xeralmente, para nomear

a pega rabilonga, agás nas denominacións *pego*, *pego bravo* e *rabilongo*, esta última rexistrada, no ALGa, en Boiro e Ribeira.

O feito de que o termo *pega* sexa común ás dúas aves levou, sen dúbida, á conformación de numerosas lexías formadas polo substantivo seguido dunha especificación (V. *supra*) que permite a diferenciación designativa. En canto á cor do animal, *pega blanca*, *pega negra*, *pega manchada*, *pega pinta* e *pega rabopinto* nomean a pega rabilonga, mentres que *pega colorada*, mais tamén *pega blanca*, identifican o gaio.

Le Dù e Brun-Trigaud (2020: 233) tratan as denominacións *pega blanca* e *pega negra* da pega rabilonga e fano do seguinte xeito: “C'est ainsi que, comme la pie est noire et blanche, il arrive que l'observateur ne retienne que l'une ou l'autre de ces couleurs, [...] à moins qu'il ne s'agisse d'établir la distinction entre plusieurs variétés de pies”. O ALGa recolle as especificacións *negra* e *branca* en Laxe, para diferenciar así a *pega negra*, a rabilonga, da *pega blanca*, a marza (que, neste punto, tamén recibe o nome de *pega rulán*). Pola contra, en Cerceda, *pega blanca* designa a pega de rabo longo (e o gaio é nomeado como *pega reboldán*).

O cualificativo *pinto*, recollido no DRAG (s. v. *pinto*, *pinta*) co significado ‘que ten pintas’ e cos sinónimos *pego* e *pintado*, caracteriza tanto o corpo da ave na súa totalidade, *pega pinta*, como unha parte, o seu rabo. Neste caso, forma unha lexía complexa *pega rabopinto*: PICA + rabo < lat. RAPUM, *rabo*) + *pinto*.

Outra designación que se fundamenta na cor é a de *pega marza* e as múltiples variantes (algunhas sufixadas), *marcha*, *marza*, *pega marcha*, *pega marcía*, *pega marsa*, *pega marta*¹⁵, *pega marxa*, *pega marza*, *pega marxá*, *pega marzá*, orixinadas na oralidade popular. A palabra *marxa* figura no DRAG co significado de ‘mancha pequena de cor parda que sae na cara ou noutras partes do corpo’. Tamén está recollida no DdD, en *Apéndice ó Dicionario* de E. Rodríguez (1961) e en Franco Grande (1972): ‘Además de peca o mancha cutánea, significa mancha de distinto color en una tela, en el suelo [...] o en un animal. Cuando se tiñe una prenda y queda de varios colores, se dice que está *marxada*’.

A respecto do nome *pega marceña* (V. § b.2.), e a variante *pega morceña* recollida no ALPI, pode considerarse que teñen, como segundo elemento, un adxectivo derivado de *marza* (mancha de cor), rematado no sufixo *-eña* (< -INEUS), que indica pertenza ou cor (Pharies, 2004), reforzando así a idea de que é un paxaro de colorido variado ou con manchas de cores.

Por último, o gaio é denominado *pega real* (e *pega rial*) en puntos do Salnés. Con esta designación indícase que é unha ave que destaca pola súa aparencia, fundamentalmente polo

15 Na forma *pega marta*, que só se rexistra no ALPI, en Silleda (onde *pega marza* é a designación común), pode haber un erro de transcripción.

contraste que presenta o seu colorido, fronte a outra que leva o mesmo nome, tal como ocorre con casos como o de *lavandeira real*.

a.2. Outras características físicas: a cola, a crista

- Unha das características físicas que máis destaca na *Pica pica* é a lonxitude da súa cola; esta pode ser tan longa coma o corpo da ave. Por esta razón, recibe os nomes de *rabilongo*, *rabolongo*, *rabilán*, *rebilonga*, *pega rabilarga*, *pega de rabo longo*, *pega rabilán*, *pega rabilonga* (con variantes como *pega rabilonca* ou *pega rebironga*) e *pega rabuda*, que a diferencian claramente da pega marza ou gaio. No ALGa, rexístrase o nome de *pega rabilán* nos concellos confinantes da Estrada e Vedra, lugares onde se utiliza a terminación de feminino *-án* (< lat. *-ANAM*) (Fernández Rei, 1990: 59-60). A designación *pega rabuda* presenta un cualificativo derivado de *rabo* + *-udo*. Estes sufixos teñen un valor semántico de intensificadores, é dicir, que é un paxaro de *rabo* prominente. Predominan, como na maioría das designacións destas aves, as lexías formadas polo nome *pega* e os especificativos compostos do substantivo *rabo* e o adxectivo *longo* (< lat. *LONGUS*), afectados, nalgún caso, por vacilacións fonéticas vocálicas e tamén consonánticas (*rebilonga*, *rabilonca*, *rebironga*). As denominacións *rabilongo*, *rabolongo*, *rabilán*, *rebilonga*, que prescinden do elemento nuclear *pega*, presente nas restantes designacións, parten dun proceso de formación metonímico A PARTE (o rabo) POLO TODO.

- No que respecta a *Garrulus glandarius*, contamos coa denominación *galo crestó*, recollido unicamente no DS. O elemento físico ao que fai referencia o especificativo *crestó* é o conxunto de plumas eréctiles que o gaio ten sobre a cabeza e que mostra, ergueitas, como ameaza, formando unha especie de crista.

b. O hábitat e o comportamento

b.1. Hábitat

Ningún dos dous paxaros vive por encima dos 1400 ms de altitude. Non obstante, rexístrase o nome *pega da montaña* para cada un deles. No ALGa, en Noia, *pega da montaña* designa o gaio e noméase a pega rabilonga coa lexía *pega da ribeira*, discriminando deste xeito as dúas pegas, a que vive nas zonas con árbores forestais e a que se achega a lugares máis abertos e humanizados. En contraposición con isto, a designación *pega da/de montaña* é aplicada á pega rabilonga en tres puntos (Outes, Bueu, Moaña), onde a outra ave se denomina *pega marza* (pronunciada con seseo), *pega mansa* e *pega vulgar*, respectivamente.

- *Pega da/s fraga/s*, *pega carballeira*, *gato dos pinos*, *gaiomonte* e tamén *galo de montaña* son formas de nomear o gaio, motivados polo hábitat que, neste caso, está claramente limitado ás zonas de arboredo mesto, as fragas ou a carballeiras e piñeirais.

b.2. Comportamento

Pega mansa (o gaio) e *pega brava* ou *pego bravo* (pega rabilonga) son designacións transparentes, baseadas en opostos. Tal como se observa nos datos que ofrece o ALGa e ao igual que sucede con outras denominacións deste tipo (p. ex., *pega negra* e *pega blanca*), a diferenciación das dúas aves mediante a oposición dos adxectivos, *mansa* e *brava*, pode darse nun mesmo espazo (como sucede en Dodro e Rianxo) ou ben poden presentarse outras combinacións, como *pega mansa* e *pega de montaña* (Bueu), *pega mansa* e *pega rabuda* ou *pega rabilán* (A Estrada), e *gaido* e *pego bravo* (Sober).

- *Pega macha*, recollida en Sober xunto con *pega* e *pego bravo*, para designar a pega rabilonga, conta cun especificativo que pode ser o oposto de *femia* ou de *mansa*. O adxectivo *macha* aplícase a algunhas plantas como *silva macha*, para indicar que son máis bravas ca outras da mesma especie.

O nome *pega raposeira* dado á rabilonga ten unha motivación descritiva, baseada tamén no seu comportamento, xa que dela se di que ten intelixencia e habilidade para conseguir algo: espera a que outras aves acudan antes cando atopa grandes animais mortos, recorda onde garda alimentos e rouba pequenas cousas que brillan para levalas para o niño.

Por outra parte, segundo Corominas e Pascual (DCECH, 1980-91), sería o feito de grallar moi a miúdo o que motivaría as denominacións destinadas á pega rabilonga, *marica*, hipocóristico de María, e *urraca*. Estes autores (s. v. *urraca*) vinculan o nome ao estereotipo da muller:

Igual que muchas denominaciones de este pájaro, tales como el cast. *marica*, lat. *gaia*, fr. *margot*, ingl. *mag*, se trata en el caso de *urraca* de un antiguo nombre propio femenino, *Urraca* (de origen ibérico). Tales nombres se aplican a esta ave por su conocida propiedad de parlotear volublemente como si fuese una mujer.

Non obstante, o nome *marica* designa outros paxaros que non teñen a habilidade citada (lembrems, por exemplo, que *mariquita* é un dos nomes da lavandeira). Pode tratarse só dunha personificación da ave, ou antropomorfización, para a que se usa un nome prototípico feminino, mais tamén pode interpretarse como resultado dunha tabuización (Alinei, 1997). Por unha banda, a denominación da pega, *marica*, non ten ningún sufixo diminutivo, *-ita* (como en *mariquita* para a lavandeira) ou *-iña* (como en *mariquiña do crego* para o ouriolo), que indique afectividade ou calquera tipo de valoración positiva. Pola súa parte, (s. v. *Marica*) Cuba, Reigosa e Miranda (1999) indican o seguinte: “Pega. Só os animais moi queridos ou moi temidos teñen nome propio: o lobo, o raposo. Chamarlle Marica á pega, que é paxaro de morte, é un eufemismo para evitar o seu verdadeiro nome, como os nomes da donicela”. Os mesmos autores (s. v. *pega*) engaden que é “un dos paxaros que anuncian a morte, sobre todo se se xuntan varias sobre unha casa ou, se peta nos

cristais coa á, ou se voa á esquerda, ou gralla do mesmo lado”. Deste xeito, o nome *marica*, vinculado cunha crenza, sería a designación que substitúe o verdadeiro nome do paxaro, o cal se consideraría tabú, por designar unha ave temida. Segundo a interpretación de Alinei (1997), os animais salvaxes constitúen unha realidade tabuizada e, desde o punto de vista diacrónico, a maioría dos seus nomes populares, incluídos os aparentemente profanos, teñen unha orixe máxico-relixiosa.

Respecto ao especificativo *rebordá*, no TLPGP-PLG rexístranse dúas mencións, *peja rebuldana* (Santa Comba) e *rebordán* (en Laxe), aplicadas á pega rabilonga. Podería tratarse dunha confusión, tendo en conta que a referida especificación se aplica, maioritariamente, á pega marza.

- *Pega rebordá* é unha das denominacións máis estendidas do gaio, recollida no ALGa en corenta e tres puntos das provincias da Coruña e Lugo. En cinco destas designacións figura só o segundo termo. Este presenta diferentes variantes que afectan á abertura da vogal, /u/ - /o/, á terminación, -á / -ana / -án, á alternancia entre consoantes líquidas en posición final de sílaba, /r/ - /l/, e outras vacilacións características da lingua oral como a confusión entre consoantes oclusivas ou a simplificación do grupo consonántico -ld-: *reburdá*, *reburdana*, *rebuldá*, *rebuldana*, *reboldá*, *reboldán*, *reboldana*, *reboldón*, *regordá*, *retordá*, *rebolá*.

O DRAG ofrece o seguinte significado para o verbo *rebuldar*: ‘Facer cousas que serven de entretemento e diversión como saltar, correr uns detrás doutros etc.’ Tamén figura neste dicionario o substantivo *rebuldaina* con sinónimos como ‘balbordo, barafunda, barullada, barullo, boureo, rebumbio’. No DdD (C. García González, 1985) recóllese un significado semellante para o verbo *rebuldar* (‘retozar’) e na entrada *rebordar*, ‘cantar la *pega rebordá*’.

Así pois, a forma de actuar e, especialmente, o son ou sons que emite o animal, só ou en grupos, poden constituír a motivación do conxunto de designacións arriba ofrecido (V. § c, para outra posible explicación). O gaio é unha ave moi barullenta, das máis ruidosas das fragas. Mesmo é frecuente escoitar o seu berro de alarma en coro para alertar de calquera perigo e, a finais da primavera, forma grupos moi concorridos e ruidosos. Tamén as pegas rabilongas forman grupos ruidosos no inverno. O gaio emite una gran cantidade de sons roucos e, ademais, imita as voces doutras aves, ou incluso ruídos e berros doutros animais, do gato, por exemplo.

O comportamento rebuldeiro da pega marza, comentado arriba, pode motivar tamén a denominación do gaio como *roldán*, que se recolle NGA-DFG. En DdD (L. Carré Alvarellos, 1979) figura a palabra *roldán* co significado de ‘confusión, desorden en las personas o cosas’. O balbordo que, ás veces, forman as pegas pode ser a motivación da designación.

Ademais de *gaio*, a forma maioritaria, e as súas variantes coa consoante aspirada ou a semivogal aconsonantada (*ghaio*, *jaio*, *gayo*, *gallo*) e *gaia*, recóllense as formas *gaiolo* (*gaio* + diminutivo *-olo* < lat. *-ULUS*), e os compostos *gaiomonte* e *pega gaia*.

André (1967: 78) indica que esta denominación da ave é simplemente o antropónimo *Gaius*, *Gaia*. Engade que o gaio ten tal capacidade de imitar sons “qu’il est très connu des paysans qui l’élèvent fort bien en cage [...] et que dans toutes les langues ont lui a donné comme noms des prénoms d’homme”. Corominas e Pascual (DCECH, 1980-91) (s. v. *gayo*) exprésano do seguinte xeito:

El lat. GAJUS y GAJA como nombres de pájaros se hallan desde los ss. V y VI, y parece tratarse simplemente del nombre propio de persona GAJUS (CAJUS), aplicado a este pájaro por ser charlatán como la urraca, a quien por esta cualidad casi humana se han aplicado tantos nombres de mujer.

A suposta capacidade imitadora explica a orixe da voz *rendaxo* (probable castelanismo deturpado, por *arrendajo*) recollido só en dicionarios. No DLE (s. v. *arrendajo*) indícase que é unha palabra derivada de *arrendar*, para a cal se ofrece como terceira acepción ‘remedar la voz o las acciones de alguien’.

O comportamento do gaio ou pega marza puido influír tamén en nomes como o de *pega marcía*, *pega marceña*, e a variante *pega morceña* recollida no ALPI. Pode considerarse que teñen, como segundo elemento, tal como indicamos no apartado a.1., un adxectivo derivado de *marza* (mancha de cor); porén, *marceño* figura no DdD (C. García González, 1985) co significado ‘dícese del trigo tardío’, xa que este, o trigo marceño ou serodio, se sementaba a principios de marzo, moito despois da época do ano en que era habitual facelo, a de finais do outono e principio do inverno. O gaio inicia a posta e leva a cabo a cría un mes despois da pega rabilonga. Esta delonga na cría podería ser a motivación da denominación *pega marceña* e *pega marcía*. Así pois, aínda que non estea clara a motivación ou esta desaparecese, non se pode desbotar unha relación da palabra *marcía*, e incluso de *marza*, co mes de *marzo* (< lat. *MARTIUS*).

Por último, *pega meiga* figura só no DS, como designación da pega marza. A motivación do nome pode deberse ao conxunto das súas características comportamentais: vive nas fragas, é fuxidía e emite sons, ás veces, desacougantes. Neste caso, pode considerarse que hai unha especificación personificadora, unha translación da imaxe da meiga, muller, á ave, baseada no mecanismo cognitivo da metáfora de imaxe, A AVE É UNHA MEIGA.

c. A alimentación

As dúas aves estudadas aquí son omnívoras e adaptan a súa alimentación aos medios dispoñibles segundo o lugar e a estación do ano; porén, cada unha delas presenta particularidades.

- Así, o modo de alimentarse determina boa parte das designacións da pega rabilonga: *paxaro das calazas*, *pega carrachenta*, *pega carracheira*, *pega carniceira* e *carnizá*, *pega da morriña*, *pega lagarteira*, *pega porca*, *pega preá*, *pega sapeira* e *preieira*.

Este paxaro pica as carrapatas na pel de animais domésticos: *pega carrachenta* (*carracho* + sufixo *-enta* > -ENS, -ENTIS, que indica actividade), *pega carracheira* (*carracho* + *-eira* > -ARIA, 'que se relaciona con'). Come anfíbios e réptiles: *pega sapeira* e *pega lagarteira*. Come carne e é a primeira en acudir cando aparece un animal morto: *pega carniceira*, ou *carnicera*, *pega carnizá* e *carniza*. E aliméntase tamén de animais en estado de descomposición; de aí que reciba designacións como *paxaro das calazas*, *pega da morriña*, *pega porca*, *pega preá* e *preieira*. Sen ser a denominación maioritaria, *pega porca* está rexistrada en dez puntos do ALGa. Pola contra, *pega da morriña* aparece só en Ortigueira. *Preieira* (con epéntese de -i- e sufixo *-eira*) está recollida nun punto, no ALPI, mentres que as variantes *pega preán* e *pega das calazas* figuran como nomes populares en NGA. Os termos *prea* (do que deriva *preán*, *prea* + *-án*), *morriña* e *calazas* son todos sinónimos e figuran no DRAG co significado de 'corpo morto en estado de descomposición'.

- Pola súa parte, o gaio ou *Garrulus glandarius* destaca pola súa capacidade para almacenar landras e outros froitos (V. *supra*) para poder comer no inverno. No DdD, Sarmiento (1732-1770) (s. v. *gayo* e s. v. *pega*) relaciona o especificativo *rebordá* co feito de que a ave se alimenta do froito dos carballos:

Pero aunque el *gayo* no es la urraca se parece mucho en lo locuaz y en remedar la voz humana y en latín se llama *pica glandaria* porque traga las bellotas. Y los italianos aluden a eso en llamarla *ghiandaia* y *ghianda*, que significa la bellota o glande. A lo mismo alude el nombre que en Galicia hacia Lugo se da a ese pájaro, pues además de comunísimo nombre *gayo*, se llama también *pega reborda*, de *pica roboretana* porque se tira a las bellotas de los robles.

A designación *pega rebordá* e as súas variantes poden ter diferentes motivacións semánticas (V. § b.2.), algunha delas escurecida, en parte, polo paso do tempo. Non obstante, está clara a relación da ave cos carballos, *Quercus robur*, e os seus froitos. En diferentes fontes recollidas no DdD (s. v. *rebordán*), figura o significado 'silvestre', que coincide co expresado no DCECH (1980-1991) (s. v. BORDE II): 'bastardo'. Del cat. *bord* íd., y éste del lat. tardío BÖRDUS 'mulo'. DERIV. *Regoldano* 'silvestre', 1611, de *reboldano*, **rebordano*', onde, ademais, se observan solucións derivadas variables, semellantes ás existentes nas denominacións do gaio. Á súa vez, Ares Vázquez (2012: 539), sinala que o topónimo *Rebordaos* se pode interpretar como 'rebordán 'silvestre' ou como *roboretanus/os*, derivado de *roboretum* 'reboredo' e de *robur* "roble" en castelán'.

Por outra banda, en NGA recóllense as designacións de *pega carniceira* e *pega carnizá*, que ben poden ser confusións con respecto á pega rabilonga, xa que estas son designacións destinadas a esta última.

d. Denominacións motivadas polo parecido con outros animais ou zoomórficas

Algunhas das denominacións motivadas pola semellanza con outros animais poden ser consideradas metáforas de imaxe, xa que implican a translación da imaxe que o falante ten dun animal a outro distinto, partindo dunha característica destacada como os sons que emite. Sucede así, por exemplo, na designación do gaio como *gato dos pinos*.

- A pega rabilonga é denominada co nome de *poupa*, unha das formas de nomear a bubela (*Upupa epops*). As dúas aves son moi distintas, pero teñen en común o feito de posuír características moi marcadas ambas.

- O gaio é designado con diferentes ornitónimos. *Ouriolo* e *vichelocrego*, nomes do *Oriolus oriolus*, refírense a un paxaro que coincide co gaio por ser moi vistoso. Pode dicirse que son nomes únicos para aves únicas; de aí que se intercambien¹⁶.

O nome de *grallo* rexístrase en tres puntos de Asturias. É tamén un córvido, de cor negra, que comparte co gaio o tipo de sons que emite. *Galo de montaña* e *galo crestado* son denominacións complexas, formadas a partir de *galo*. *Gala* é un vocábulo moi próximo a *gaia*, que pode ser considerado tamén feminino de *galo*. As palabras *galo* e *galiña*, seguidos de especificacións, úsanse a miúdo como nomes xenéricos para nomear outras aves.

Gato dos pinos é unha designación que, por unha parte, fai referencia a un dos hábitats máis comúns do gaio (V. § b.1.) e, por outra, está motivado polo son que o gaio emite en ocasións, moi parecido ao miañar dun gato.

Incluimos, como último elemento deste apartado, o nome *pega rulán*, rexistrado en Laxe, lugar onde se usa a terminación *-án* para o feminino (procedente do lat. < -ANAM) (Fernández Rei, 1990: 59-60). *Rulán* (*rula* + *-án*) caracteriza a esta pega, que se parece á rula (xénero *Streptopelia*) nas tonalidades das súas cores.

e. Outras denominacións

Recollemos no corpus designacións, que conteñen especificativos, que non se corresponden con ningunha das motivacións semánticas que figuran no AliR: *pega do país*, *pega corrente*, *pega vulgar*, *pega francesa* ou *pega romana*.

As designacións *pega común* e *pega vulgar* para a pega marza e, para a pega rabilonga, a variante *pega corrente* aparecen unha soa vez: a primeira figura no TLPGP-PLG e as outras, no

¹⁶ As designacións *poupa*, *ouriolos* e *vichelocrego*, que figuran só nun dicionario, poden ser tamén simples confusións entre aves.

ALGa. Indican que o paxaro así chamado é máis coñecido e próximo que o outro, que se nomea de xeito máis específico. *Pega corriente* rexístrase á par de *pega* sen especificación; no mesmo punto (Cedeira), úsase *pega reboldana* para a outra ave. Na localización onde se recolle *pega vulgar* (Moaña) figura *pega de montaña* para a rabilonga.

O nome *pega do país*, designación que podería reflectir a procedencia, e que se recolle en NGA para o gaio, fai referencia á especie que as persoas que así a nomean consideran máis común e perfectamente establecida; non obstante, non hai datos que permitan considerar que a outra pega é foránea ou de instalación máis tardía. Na mesma obra aparece a lexía *pega francesa* para chamarlle á pega rabilonga, mentres que *pega romana*, o gaio, se rexistra no TLPGP-PLG, nos concellos de Meaño e Sanxenxo. Neste caso, os cualificativos *francesa* e *romana* non indican tampouco a procedencia, é dicir, non poden ser considerados etnónimos, senón que son usados para discriminar dous paxaros que, desde sempre, compartiron nomes, mais que son, simplemente, de aspecto moi distinto. Estas designacións responden, probablemente, só á necesidade de indicar que hai outro paxaro co mesmo nome e ao feito de precisar un elemento distintivo para nomear cada un deles.

A denominación *garrabaio* rexistrouse en tres puntos de Oímbra. Non se coñece a orixe deste termo. Cerradelo (2013: 257) recolle a opinión de que podería estar relacionado co nome científico do paxaro, do lat. GARRŪLUS [GARRIŌ], que o DELE define do seguinte xeito: ‘charlatán’ [hombre]; que gorjea o trina [ave]’. Así, *garrabaio* sería o resultado dun cruzamento de *gárrulo* e *gaio* ou incluso *baio*. Pódese considerar tamén que a secuencia *garr(a)-* ten orixe onomatopeica, xa que o son característico da ave é unha especie de craaaac.

A denominación *pega meiga* (V. § b.2.) pode vincularse tamén coa crenza referida arriba, xa que, sobre todo, algúns córvidos son considerados paxaros de mal agoiro. No DdD (E. Rivas Quintas, 1978), figura (s v. *meiga*) coa seguinte información:

Arrendajo, pájaro parecido al cuervo, algo más pequeño y de bello color. [...] lo llaman *pega marceña* [...]. En Moraña, como en otras partes de Galicia, la *pega* ordinaria (*rebordá* o *rabilonga*) es vista por la gente con superstición: si, al ir por un camino, sale volando hacia la derecha, es señal de buena suerte; si sale volando hacia la izquierda, es señal de mala suerte¹⁷.

Finalmente, *pega tegona*, unha forma rexistrada en Vilagarcía, é unha designación completamente escura.

17 Obsérvese a confusión entre as denominacións das dúas aves.

4.2.3. Recapitulación

A principal particularidade do noso estudo é a coincidencia de boa parte das denominacións de dúas aves, non obstante claramente diferentes. En conclusión, os denominacións da *pega rabilonga* e da *pega marza* ou *gaido* intercámbianse moi a miúdo. En moitos casos, *pega* funciona como nome xenérico, pero entón precisa de especificacións, para poder diferenciar os dous paxaros. Estes especificativos tamén coinciden ás veces, aínda que tal coincidencia non se produce nun mesmo espazo.

Os nomes que reciben estas dúas aves son, maioritariamente, lexías formadas por un núcleo nominal, *pega*, e un modificador, indicador da característica destacada en cada caso. Á parte das denominacións procedentes do latín (*pega* ou *pica* e derivados, e *gaido*), baseadas unhas na cor mediante un proceso metonímico e a última nun antropónimo, a inmensa maioría dos nomes fórmanse con especificativos descritivos.


Respecto ás fontes motivacionais, pódese concluír que *Pica pica* ten nomes motivados, fundamentalmente, pola lonxitude do seu rabo e pola orixe do seu alimento, mentres que *Garrulus glandarius*, o *gaido*, é nomeado, sobre todo, polo seu comportamento e polas manchas da súa plumaxe.

Obsérvase, en canto á distribución xeográfica, que *pega* é un nome presente sobre todo en Lugo, Ourense e a costa occidental, en oposición a *gaido*, as máis das veces; o nome *pega rabilonga* fronte a *pega marza* predominan na conca do Deza-Ulla (Melide, Vila de Cruces, Touro, Silleda, A Estrada e Vilagarcía); *pega rebordá* rexístrase na metade norte de Lugo e A Coruña.

4.3. Ouriolo

4.3.1. Introducción

O ouriolo recibe o nome científico de *Oriolus oriolus*. É un paxaro¹⁸ estival en toda Europa e en Galicia permanece de mediados de abril a setembro (Penas, Pedreira e Silvar, 1991, 2004).



18 Imaxe do macho e da femia: <https://www.rios-galegos.com/ave10.htm#Identificación>
Imaxe do niño: Sociedad Española de Ornitología. En: <https://seo.org/ave/oropendola/>

Mide uns 24 cm. O macho é totalmente amarelo, con ás e risca ocular negras. O rabo tamén é negro, coas puntas das plumas externas amarelas. A femia e as crías, de cores máis tenues, teñen as partes superiores verdosas e as inferiores agrisadas. As súas ás e o rabo son apardazados. O peteiro é rosado nos dous sexos. O voo é ondulado e rápido con ascenso para agacharse nas partes altas das árbores, desde onde emite o seu canto, que pode escoitarse a moita distancia. É un asubío claro afrautado que, segundo os autores citados, semella un “fiu-luí”. O canto da femia é máis curto e agudo.

É unha ave de conduta moi apartadiza. Vive en fragas de árbores frondosas, en bosques de ribeira, de coníferas e en carballeiras, e desprázase a campos de cultivo de froiteiras. Aliméntase de escaravellos, abellas, moscas, grilos e, no verán, adoita comer grandes cantidades de froitos cultivados, tales como cereixas, figos e tamén bagas de sabugueiro e amoras. Pendura o niño dunha galla dunha póla. É un niño moi ben feito, que pode durar anos.

4.3.2. Análise semántica

Non contamos con ningún traballo de análise das motivacións semánticas dos nomes do ouriolo. Nun principio, o que máis destaca é o gran número de designacións que se lle atribúen, debido, quizais, a que se considera unha ave única e imposible de confundir con outra calquera, por unha parte e, por outra, á gran variabilidade que presenta a lingua oral popular, con formas diversas, resultado de diferentes procesos fonéticos: vacilacións vocálicas e consonánticas, metáteses, aféreses, sínopes, epénteses etc. Outra particularidade deste estudo é que boa parte das denominacións presentan motivacións combinadas.

Ao igual que nas demais aves tratadas neste traballo, pártese de clasificar as designacións segundo a motivación, organizadas do seguinte xeito:

- a. Características físicas
- b. O hábitat e o comportamento
- c. A alimentación
- d. Antropomorfización
- e. Denominacións motivadas polo parecido con outros animais
- f. Denominacións escuras

a. Características físicas. A cor

O ouriolo recibía en latín diferentes nomes, todos relacionados coa cor amarela: *galbus*, *galbulus*, *icterus* e *chlorion*. Tamén era denominado *galgulus*, que, de acordo con André (1967: s. v. *galgulus*, -i) algúns autores consideran derivado de *galbulus*, pero ao que el lle outorga orixe onomatopeica. André sinala que *galgulus*, a forma máis antiga das usadas para nomear o ouriolo,

orixinou denominacións na Romanía oriental. Engade que os termos ICTERUS, -Ī e CHLORION, -ONIS foron tomados do grego. Este último aparece citado por Plinio, “*Chlorion quoque, qui totus est luteus*”, quen, á súa vez, traduce a Aristóteles (1967: 54).

André considera que a denominación GALBULUS, -Ī, tamén recollida no DELE, é un derivado de GALBUS, -Ī, ‘ouriole’, nome rexistrado en Marcial (“*galuus nomen passeris luteis pennulis*”) ou de GALBUS, -Ī ‘amarelo’ e engade que “en français, espagnol et piémontais, des dérivés de *aurum* lui ont été substitués” (1967: 79). No DLE (s. v. *oriol*) aparece a seguinte información: ‘Del cat. *oriol*, y este del lat. *aureōlus*, dorado’. No DELE (s. v. *aurum*, -ī) indícase que a palabra *aureolus* é da familia de AURUM, -I, ‘ouro’. Pódese concluír entón que *ouriole* procede do latín AUREŌLUS, ao igual que todas as súas variantes (*aireolo*, *aureol*, *auriol*, *oreol*, *oriol*, *oriolo*, *oureol*, *oureolo*, *ouriol*, *ourol*¹⁹), independentemente de que estas conteñan o ditongo *au*, presente no étimo, o ditongo *ou* (< lat. AU), monotongación ou outras variacións procedentes de cruzamentos ou vacilacións da lingua oral. O cromatónimo *ouriole*, a designación maioritaria na provincia de Lugo, significa, pois, ‘de ouro’ ou ‘dourado, da cor do ouro’. Tamén conteñen a base lexemática *aurum* as designacións *oropéndola*, *oropéndolo*, *ouripenlo*, *oromelcho* e *péndola de ouro* (V. *infra*).

As denominacións *amarelante*, *amarelenta*, *amareloto*, *mareloto*, *mareleiro*, *pito amarelo*, *crego amarelo*, *figo amarelo*, *gaimarelo*, *gaio amarelo*, *merlo amarelo*, *manga amarela* e *rodrigo amarelo* teñen tamén o rechamante colorido da plumaxe como orixe. Proceden do lat. hispano AMARĒLUS, ‘amarelo’, diminutivo de AMARUS, ‘amargo’, ‘probablemente por el color producido por la ictericia’ (DELE, s. v. *amarus*, -a, -um). Nalgunhas denominacións *amarelo* ou *marelo* (con aférese de *a-*) figura só como especificador (V. § *d*). *Amarelante*, *amarelenta* (ou as variantes *amaralenta* e *maralenta*), *amareloto*, *mareloto* e *mareleiro* presentan sufixos derivativos que indican a característica (*-eiro*, *-ante*, *-enta*) ou sufixos apreciativos (*-oto*), para significar que a ave que así se chama é amarela. En todas estas denominacións, o mecanismo cognitivo utilizado na creación léxica é unha metonimia do tipo A COR POLO ANIMAL.

Nas designacións *figo marelo*, *figo maduro* e *figo loureiro* os adxectivos *marelo*, *maduro* e *loureiro* expresan características propias dos figos, entre elas a descrición da cor. A cor dos figos maduros, os de verán, é a amarela. A palabra *loureiro*, tal como se recolle no DdD (E. Rivas Quintas, 1988) (s. v. *loureiro*), significa ‘rubio, de color castaño claro [...]; *vaca loureira*’ (para as demais designacións compostas formadas a partir de *figo*, V. § *c*.).

Ademais da cor amarela, neste paxaro, e particularmente no macho, resalta a cor negra. Esta cor distinguía a vestimenta dos curas, que, dun xeito ou doutro, estiveron moi presentes na sociedade

19 No corpus, recóllese tamén a forma *orial*, presente en NAC-DFG, un posible erro por *oriol*.

galega. Froito desta identificación entre a cor e a persoa é o uso dos termos *crego* ou *crega* para denominar aves que son negras, como a pega (*picacrega*). A vinculación entre a cor negra e o uso de *crego* nas denominacións do ouriolo figura en obras lexicográficas do século XX: no DdD, A. Otero Álvarez (1957) sinala (s. v. *auriolo*) que ‘al color negro de las alas puede ser debida la asociación con *crego*, que aparece en los nombres cregoleón de Villalonga, vichelocrego de Lesende’ e (s. v. *bicho do crego*) E. Rivas Quintas (1978) indica que ao *bicho do crego* se lle chama *crego amarelo* e tamén *vichelocrego*, ‘siempre aludiendo a su canto y a su color’.

Son varias as denominacións do ouriolo que conteñen a palabra *crego*, ben sexa como elemento único, como núcleo da frase designativa ou como complemento: *crego*, *crego amarelo*, *cregoleón* (V. § b. e e.), *creguiña*, *creguiño*, *bicho do crego* (V. § e.), *marica do crego* e *mariquiña do crego* (V. § d), *vichelocrego* (V. § b.3.) e todas as súas variantes, *vichelacreu*, *vichalocrego*, *vicheloclerigo*, *viches o crego* ou *vistelocrego*. Esta última está rexistrada, no ALGa, na Guarda, onde a forma verbal utilizada para a segunda persoa de singular é *vistes* en vez de *viches* (Fernández Rei, 1990: 87-88).

O feito de que a cor negra cubra só unha parte do corpo do animal, aínda que ben definida e marcada, pode ser a explicación da lexía *crego amarelo* así como dos diminutivos *creguiña* e *creguiño*. Nestes casos, a identificación co crego aparece atenuada, ben pola adxectivación referida á cor coa que contrasta (*amarelo*), ben polo diminutivo. En xeral, pode considerarse que *crego* é resultado dunha antropomorfización do animal. Trátase, unha vez máis, dunha metáfora de imaxe mediante a cal se identifica a imaxe esquemática do crego coa do paxaro.

Bastantes outros nomes do ouriolo, coma todos os que se citan a continuación neste apartado, poden estar tamén motivados pola vistosidade da súa cor.

No DdD, A. Otero Álvarez (1957) (s. v. *ouriolo*) indica que ‘por su garrido aspecto se le llama domingo lirón (*liró*, en CF²⁰, significa ‘*vestido con apuro; casquilho; muito enfeitado*’)’. Se ben o especificador *leirón* (e as variantes *lirón*, *liró* e talvez *león*) poden levar a diferentes interpretacións (V. § b.1. e b.3.), non se debe desbotar a posibilidade de que a motivación das designacións que o conteñen teñan orixe neste significado do termo *liró*, aínda que, certamente, a palabra *liró* non se recolle nos dicionarios galegos.

Aínda que se sinala neste traballo a posibilidade de que a designación, rexistrada na comarca do Deza, *millangarrido* e as súas variantes *villaogarrido*, *blaugarrido*, *vilau garrido* e *miau garrido* teñan unha orixe onomatopeica (V. § b.3.), é posible analizar separadamente, como na designación anterior, o compoñente *garrido*, de boa presenza, ou gallardo.

20 CF: Cândido de Figueiredo.

A designación *paxariño pintor* revela o maxistral *uso* da cor no corpo da ave. Tamén as designacións que inclúen os modificadores *real* e *rei*, *merlo real*, *merlo rei* e *gairo real* (V. § e.) están motivadas por características físicas sobresaíntes, aquelas que fan que este paxaro destaque fronte ao que leva o mesmo nome sen a especificación citada (p. ex., o *merlo*). A calidade que fai que o ouriolo sexa *rei* ou *real* é, sen dúbida, a cor.

Millarou, *milleiro* e *botachelomillo* poden ter como motivación tamén a cor amarela que a espiga de millo e o ouriolo comparten. Porén, poden ser consideradas outras explicacións (V. § b.).

As designacións *oropéndola* (e as variantes *aropendra*, *elopéndola*, *oripéndola*), *oropéndolo*, *ouripenlo*, *péndola de ouro* e talvez *oromelcho* son compostos derivados de AURUM ou de AUREŪS, 'dourado', 'de ouro' e PINNŪLA, *diminutivo de* PINNA, 'pluma' (DELE, s. v. *aureus*). Tamén o DLE ofrece a mesma explicación etimolóxica (s. v. *oropéndola*, 'del lat. *aureus* 'dorado' y *pinnŭla* 'pluma'), así como o DCECH, que indica (s. v. *oro*, *oropéndola*): 'compuesto con péndola 'pluma', por el plumaje dorado de esta ave, quizá ya llamada *AURIPENNULA en latín vulgar'. Son designacións que reflicten que a ave así chamada ten as plumas douradas.

O elemento *péndola* figura noutras denominacións deste paxaro: *péndola*, *galopéndola*, *maripéndola*, *milpéndaro*, *milpéndora* (e as variantes *milpéndola*, *milpréndiga*, *milpréndega*), *milpréndigo*. No DdD (s. v. *péndola*), en J. Cuveiro Piñol (1876) e E. Rivas Quintas (1988), indícase que *péndola* é a pluma de escribir; e en Sarmiento (1746-1770) figura o seguinte: '*penna* con NN significa a la pluma, y el diminutivo péñola, y el gallego y castellano antiguo, *pendola*, *pendolar* y *pendolario*. La oropendola, ave, no viene del nido *pendulo* que hace, sino de *aurea pennula* porque tiene la pluma dorada'. Non obstante, en E. Rivas Quintas (1988) na entrada *milpéndora* figura 'como el cast. *oropéndola* (también gall. *milpéndola*), tiene que ver con el l. *pendere*'. Aínda que sexa pouco probable, cabe preguntarse se é posible unha dobre interpretación do lexema *péndola*, unha delas, pluma, asociada a ouro (como en *oropéndola*) e outra, procedente de PENDĒRE, para as restantes designacións, como *milpréndigo*, *milpéndora* ou *maripéndola* (V. § b.2.).

En suma, é a cor da ave, amarela intensa, a característica física máis destacada, a que motiva a denominación *ouriolo*, a máis estendida, e tamén todas aquelas en que figura o termo *amarelo*. A cor pode ser tomada como característica física xeral ou ben pode estar asociada a unha parte coma as plumas. Pódese considerar que, formalmente, estas motivacións son de tipo sintagmático ou descritivo (Alinei, 2009) e a maior parte delas está baseada nunha metonimia, A COR POLO ANIMAL.

b. O hábitat e o comportamento

b.1. O hábitat

O hábitat en que se desenvolve o ouriolo é diverso, xa que pode verse cerca do río, no monte ou nos terreos de cultivo. Por esta razón, a pesar do elevado número de designacións desta ave, non se atopa apenas ningunha que faga referencia clara a unha localización concreta. Con todo, o termo *leirón* parece indicar lugar, entre outras posibles interpretacións. No DdD (E. Rodríguez González, 1958-1961 e X. L. Franco Grande, 1972), recóllese *leirón* co significado ‘terreno donde se plantan hortalizas; alcoube’. Tendo en conta que é nas hortas, ou leiróns, onde se atopan as árbores froiteiras das que se alimenta a ave e, ademais, un dos lugares onde é posible velo, poderíase considerar que este hábitat é o elemento motivador de designacións como *lirón*, *domingo leirón*, *domingo lirón*, *mingolirón* e *figoleiró* (e mesmo *cregoleón*, por deformación de *leirón*). O ouriolo recibe en castelán un nome cunha relación semellante, *pájaro hortelano* (Garrido, 2008). A explicación dada aquí descartaría a orixe baseada en *liró*, que comentamos no apartado anterior.

Riádigo pode estar motivado por un dos hábitats preferidos do ouriolo: o bosque de ribeira. Ares Vázquez (2012: 376) propón a seguinte explicación para o topónimo *Riádigos*:

Podemos partir da forma medieval *Riaticos*, a máis antiga que se coñece, a cal quizabes podería proceder do baixo latín *riuaticus*, adxectivo recollido por Du Cange, *Glossarium Mediae et Infimae Latinitatis*, e referido á *riuis* “río”. Tamén Schuchardt, tratando do vocalismo do latín vulgar (I, 128) cita *riuaticus* no ano 629 d.C. Esta palabra, coa caída do *-u-* semivocálico, daría *Riaticus* na Idade Media e despois, coa lenición do *-t-*, pasaría a *Riádigos* / *Reádigos*, aludindo a terreos ribeiríos.

Por outra parte, a época do ano en que o ouriolo chega a Galicia está en relación co hábitat onde o animal se desenvolve. Esta ave pode verse desde mediados de abril, o tempo en que comeza a sementeira do millo. As denominacións *botachelomillo*, *milleiro* e *millarou* poden ter relación con este labor agrícola, ademais de motivacións como as da cor ou onomatopeicas (V. § a. e b.3., respectivamente).

b.2. O niño

O niño do ouriolo, que, segundo informa a Sociedade Española de Ornitoloxía²¹ (SEO), constrúe só a femia, ten forma de concho, colgando dunha galla dunha póla. Pode facelo de distintos materiais como herbas secas e longas, la e arañeiras, e está bastante ben tecido. No DdD (E. Rivas Quintas, 1978) figura a seguinte explicación (s. v. *barazán*): ‘Este pájaro hace sus nidos con trozos de cuerda y trapos, colgándolos del extremo de las ramas. Su relación con *baraza* es evidente’. As denominacións *barazán* e *baraceiro*, con sufixos derivativos engadidos en ambos os casos ao lexema de *baraza*, ‘corda delgada, tira de coiro, fita etc., con que se ata algunha cousa’ (DRAG, s. v. *baraza*), poden estar motivadas pola habilidade que mostra na construción do niño.

21 En: <https://seo.org/ave/oropendola/>

Domingonovelo (V. § d.), rexistrado en Oímbra, pode interpretarse como *domingonobelo*. Esta denominación, que tamén se localiza no norte de Portugal baixo a forma *domingo-novelo* (TLPGP-PLG), é un composto que ten, entón, *nobelo* como segundo elemento. A palabra *novelo* figura no DPriberam coa acepción ‘bola de fio enrolado’, igual que *nobelo* (DRAG). A motivación do segundo elemento da denominación é, pois, a forma en que está construído o niño.

Outra particularidade do niño é que non está pousado sobre as pólas, senón colgando, xeralmente entre dúas gallas (V. imaxe, *supra*). Tal como se indicou no apartado a., esta circunstancia, pouco habitual en aves europeas, pode ser a motivación semántica que subxace en designacións como *péndola*, *galopéndola* (V. § e.), *maripéndola*, *milpéndaro*, *milpéndora*, *milpéndola*, *milpréndega*, *mipréndiga* e *milpréndigo*, relacionadas, entón, co verbo latino PENDĒRE, ‘pender, colgar’. Rivas Quintas (2015) (s. v. *milpréndiga*) recolle varios sinónimos do termo *milpréndiga*: ‘*milpéndola*, *milpéndora*, *milpendra* (e tamén *Millaróu*, *Millán Garrido*, *Bilau garrido*, *birlavouvou*, *mingulirón*)’ e indica que son ‘expresivos de su canto o del lat. *pendere* ‘colgar el nido’’. No DdD (A. Otero Álvarez, 1957) figura (s. v. *auriolo*) ‘porque hace los nidos colgantes, es *maría pínula*, en Duas Igrejas; *milpéndora*, en V. das Meás; *milpréndiga* en GR’. Así mesmo, no DLE (s. v. *péndola*²) sinálase que procede ‘del lat. *pendŭlus* ‘pendiente’ e o DELE presenta unha explicación semellante para o étimo PENDŪLUS, ‘pendiente, que pende, suspendido, colgado’ e engade o ‘derivado *péndola*, variante de *péndulo*’.

b.3. O canto

O canto é unha das características comportamentais das aves. Penas, Pedreira e Silvar (2004: 400) sinalan que o canto do ouriolo é un asubío afrautado, un “fiu-luí”. A SEO indica que é un “tiri-oliiuuu” e tamén que estes paxaros profiren un reclamo áspero, que recorda ao dun corvo, un “cueeejj”. Cerradelo (2013: 252) sinala que o canto se pode interpretar como un “tilo-rilo ou tiruliriru”. En calquera caso, é un canto peculiar, prolongado e audible a moita distancia, que motivou diferentes denominacións con orixe onomatopeica.

A creatividade popular deu lugar a termos e cadeas designativas de carácter onomatopeico, que presentan múltiples variantes, coa finalidade de reflectir a melodía emitida polo animal. En moitos casos, o canto do ouriolo interprétase con diferentes fórmulas. En xeral, estas denominacións teñen en común a presenza dos fonemas /r/ e /i/, como veremos a seguir.

Tiroliro carece de significado e pode ser considerado unha onomatopea e como tal está recollido no DRAG, ‘onomatopea do son da gaita’.

Rodrigo e todos os compostos deste termo (*avionrodrigo*, *rodrigavión* e *rodrigovión*, *rodrigovirón*, *figo rodrigo*, *figo rodríguez*, *rodrigo marelo* e *rodrigoliro*) poden ser tamén creacións

motivadas polo canto do paxaro. E pode suceder outro tanto con *figueleiró*, *lirón*, *domingo lirón*, *mingolirón*, *domingo leirón* (e *reboleirón*) (V. § a. e b.1., para outras posibles motivacións), *nicolao* e *maría viou* (V. § d); con *chocorollou*, *galigaló*, *pitiogó* e *vacalamelió*; e coas formas *birulanxo*, *millangarrido* e as súas variantes *blaugarrido*, *miau garrido*, *vilau garrido* e *villaogarrido*.

No DdD, A. Otero Álvarez (1957) considera que ‘nombres onomatopéyicos de su canto son: *nicolao*, en Moraña, y *turulurú*, en Sobreiró’. En E. Rivas Quintas (1978), na entrada *rodrigo*, e aplicada á ave así chamada, figura a seguinte información: ‘En Xunqueira de Espadanedo es rodrigo liro, versión popular de su canto’. Deste xeito, todas as formas designativas constituídas con algunha variante de *rodrigo* e de *liro* poderían ter unha orixe onomatopeica baseada na interpretación que as persoas fan do canto da ave.

Moitas das denominacións anteriormente citadas son denominacións complexas, que presentan motivacións combinadas. Por unha banda, aparecen os termos que aquí se consideran onomatopeicos, pero que tamén teñen unha base antropónimica (*domingo*, *nicolao*, *rodrigo*, e *rodríguez*, por contaminación; e probablemente, *liro*, *lirón* e *leirón*) e, por outra, diferentes elementos que están motivados semanticamente polo parecido con outras aves (*avión*), a alimentación (*figo*) ou a cor (*amarelo*).

A motivación onomatopeica é relativamente frecuente e dáse noutros nomes de aves como, por exemplo, *paspallás*. A respecto das denominacións *paie tes dettes* e *trois fois trois* deste paxaro, Carpitelli e Avolio (2018: 124) indican que, segundo Sébillot (2002), o canto pode ser interpretado polos falantes “comme une phrase du langage humain, transmettant généralement un augure ou une recommandation relativement à l’économie ou à la morale de la communauté”. En calquera caso, tradúcese con diferentes secuencias o canto da ave, como se tivese sentido. Créanse, deste xeito, lexicalizacións destas fórmulas ou demimoloxismos como, no caso do ouriolo, *vichelocrego* e *botachelomillo*.

No DdD (E. Rivas Quintas, 1978) (s. v. *maría viou*), recóllese o que segue: ‘Dicen los niños al ave: *María Viou, teu pai millorou, millorou*, y el ave les responde: *Millorou, millorou*, onomatopeya de su canto’. O mesmo autor ofrece unha explicación parecida na designación *pedro pequeno*: ‘Le dicen: *Pedro pequeno, ¿teu pai millorou?...*, y él responde: *Millorou, millorou*’. Invócase a ave, nestes casos mediante os antropónimos *María* e *Pedro*, e el responde co seu canto, que é reproducido como *millorou*, ou incluso *millarou* (V. *infra*). O segundo elemento da lexía *maría viou* está motivado pola necesidade da rima. As denominacións *maría viou*, *pedro pequeno*, *millarou* (*millorou*) apóianse en formulíñas que se recitan en xogos infantís das que proceden os nomes (García Mouton, 1987: 195). Ademais, obsérvase que denominacións como *mingulirón*, rexistrada

no TLPGP-PLG e no ALGa, e *chocorollou* (ALGa) teñen certa proximidade fonética con *millorou*, o mimoloxismo que reproduce a resposta da ave.

En suma, *vichelocrego*, *botachelomillo* (V. tamén § a. e b.1., respectivamente) e, probablemente, *millarou*, que pode xurdir a partir de *millorou* neste proceso de imitación do canto, son frases lexicalizadas que, por un lado, fan referencia aos sons que emite e, por outro, conteñen un significado. Formalmente, as dúas primeiras presentan a particularidade de ter un verbo en segunda persoa como primeiro constituínte, que poderían proceder dalgunha fórmula invocadora, xa que parecen ter o paxaro como interlocutor.

As restantes designacións consideradas onomatopeicas son só conxuntos de sons que pretenden reflectir o canto do ouriolo. Estas, non obstante, poden estar formadas por termos preexistentes, reciclados, como *rodrigo* e *domingo*, ou poden ser cadeas de sons sen ningunha vinculación con palabras, isto é, poden estar máis próximas ás onomatopeas así propiamente chamadas (*chocorollou*, *galigaló*, *pitiogó* e *vacalamelió*).

Chirimbelo non figura en ningún dos dicionarios consultados. Non obstante, no DdD (Filgueira Valverde, Tobío Fernandes, Magariños Negreira e Cordal Carús, 1926), recóllese a entrada *chirumela* e ofrécense como sinónimos *churumbela* e *chirumbela*, forma esta moi próxima á denominación do ouriolo. E. Rodríguez González (1958-1961), entre outros, propón *churumela* como sinónimo, tamén baixo o mesmo lema *chirumela*, que nos leva á palabra castelá *chirivía*, instrumento musical. De considerarmos *chirimbelo* unha variante dos termos citados, o nome dun instrumento de música, cun posible cambio de xénero, posto que a maior parte das designacións do paxaro son masculinas, tería como motivación o canto da ave.

Oubión, rexistrado en Ramirás, e *boubón*, en Oímbra (TLPGP-PLG), son dúas designacións que ben poden estar tamén baseadas nos moitos sons que emite o ouriolo. No DdD (s. v. *boubear*), A. Otero Álvarez (1977) remite a *oubiar*, que C. García González (1985) considera variante de *oubear*. No DRAG (s. v. *ouvear*) este verbo ten, entre outros, o sentido figurado '[Persoa] emitir sons agudos e fortes ou palabras en voz moi alta'. Por outra parte, no TLPGP recóllese a forma *uivãõ* no norte de Portugal para o ouriolo e o verbo *uivar* tradúcese por *ouvear*. Así pois, é probable que dun paxaro que ten como característica sobresaínte o canto se considere que ouvea ou boubea moito.

b.4. Outras características comportamentais

Paxaro fodido, *quieto fodido* e *quieto ramiro* son designacións que parecen amosar que o ouriolo é unha ave que enfastía as persoas, probablemente por non deixarse ver, por non permanecer *quieto* e ao alcance da vista (e tamén por outras causas como as referidas no apartado c.).

Ríos Panisse (1977), DdD, a propósito da voz *ramiro* aplicada a unha especie de cangrexo, sinala que é unha ‘denominación jocosa. Es bastante frecuente dar nombres de persona a los animales; cf. marica, cirila, etc’. Así pois, designacións como *quieto ramiro* ou *quieto fodido* poden ter como motivación a finalidade de que a ave faga algo ou ser só fórmulas con intención festiva.

Gaio e *gaiolo*, que ben poden ser considerados ornitónimos correspondentes a outro paxaro, pero usados tamén para o ouriolo (V. § d.), poden estar motivados polo feito de que quen así o designa o considera un paxaro ‘alegre, vistoso y jovial’, cualificativos que corresponden á palabra *gaio* en dicionarios como o de L. Carré Alvarellós (1979) (en DdD) ou estar relacionados coa palabra *gaiola*, que figura como sinónimo de *gaio*, seguida de ‘alegría, juego’, en C. García González (1985) (DdD). Tamén, o adxectivo *gaioleiro* (*merlo gaioleiro*), co significado ‘que atrae pola súa simpatía, polo seu encanto etc.’ (DRAG) pode reflectir unha forma de actuar, á parte de características físicas atractivas.

c. A alimentación

Os ouriolos tornan a África en setembro, pero antes deben alimentarse ben para poder afrontar a migración a principios do outono. No verán comen grandes cantidades de froitos cultivados, moitos figos e cereixas, en competición cos seres humanos. André (s. v. *chlorion*, *-onis*) indica que Plinio, traducindo a Aristóteles, di que o ouriolo “à la fin de juillet, à son retour d’Europe occidentale et centrale, se concentre dans la péninsule grecque où il demeure jusqu’à la fin de septembre à s’engraisser de figues pour continuer son voyage” (1967: 54).

O alimento (especialmente os figos, pero tamén as cereixas) é a motivación dalgunhas das denominacións como *papafigos*, *lapafigos*, *malzafigos*, *figo marelo*, *figo maduro*, *figo loureiro*, *figo rodrigo* e *figo rodríguez*, *figueleiró*, *galo cereixeiro* e *gaio cereixeiro*. Boa parte destas denominacións son transparentes: unhas indican a actividade (*papafigos*, *lapafigos*), outras especifican (*galo cereixeiro* e *gaio cereixeiro*), pero *figo marelo*, *figo maduro*, *figo loureiro*, *figo rodrigo*, *figo rodríguez* e *figueleiró* son froito dun proceso metafórico (V § a.), con base metonímica ou, noutras palabras, da interacción entre metáfora (pola coincidencia da cor do paxaro e do froito) e metonimia. A imaxe do alimento máis significativo, o froito amarelo proxéctase sobre o animal que o come e pasa así a desígnalo, especificado mediante adxectivos ou substantivos. As designacións *papafigos*, *lapafigos* e *malzafigos* son resultado dun proceso cognitivo metonímico (A ACCIÓN POLO ANIMAL).

Bagullo está, así mesmo, relacionado coa alimentación. Este termo figura no DRAG co significado ‘casula dos legumes’, mais tamén se pode considerar un diminutivo de *baga*, o froito

carnoso que contén directamente as sementes, como a uva ou a amora, e adoita ter cores rechamantes. En calquera dos dous casos, utilízase o nome do alimento como nome do animal.

O feito de comer figos e cereixas e de que estas froitas estean reservadas polas persoas para a súa propia alimentación e desfrute dá lugar á que se pode considerar a última denominación relacionada cos hábitos alimentarios do ouriolo: *paxaro fodido* e *quieto fodido* (e mesmo *quieto ramiro*). Estas lexías expresan o desgusto por tal competencia e o afán de evitala, designando o paxaro cun especificativo que indica que é molesto ou ben recorrendo a unha fórmula imperativa. Esta interpretación sobre a motivación da designación coincide coa expresada no apartado b.4. en canto que a ave realiza unha acción que desaproban as persoas, mais as causas de tal desaprobación e, polo tanto, a motivación última das denominacións, poden ser distintas; nun caso é o seu comportamento fuxidío e no outro o feito de que rouba a froita, é dicir, a súa alimentación.

d. Antropomorfización

A pesar de non ser unha ave sedentaria nin fácil de ver, as singulares características do ouriolo (cor, canto, alimentación) cativaron as persoas, que designaron a ave con antropónimos (elixidos entre aqueles que lles eran máis coñecidos, como María ou Domingo).

María, marica e *mariquiña* (*maría viou, maripéndola, marica do crego* e *mariquiña do crego*) son nomes prototípicos de mulleres, usados para nomear outros paxaros como a pega (*marica*) ou a lavandeira (*mariquita*), mais no caso do ouriolo aparecen complementados coa frase preposicional que alude á cor, ao niño ou cun elemento onomatopeico e que diferencian esta ave doutras co mesmo antropónimo. Sucede así tamén na designación *maría rosa* que, ademais, parece ter un certo valor xocoso. *Domingo* e o hipocorístico *Mingo(s)* que, tendo en conta as secuencias designativas en que aparecen (*domingonobelo, domingo leirón, domingolirón, mingolirón, mingulirón*), ben poden responder asemade a unha combinación das dúas motivacións, a onomatopeica e a antroponímica, poden ser resultado dunha antropomorfización ou visión humanizada da ave, nomeándoa igual ca a unha persoa. É posible que esta mesma motivación semántica explique nomes como *rodrigo, nicolao, ramiro* (*quieto ramiro*) e *pedro* (*pedro pequeno*), mentres que *rodríguez* (*figo rodríguez*) é só unha derivación de *rodrigo*, que se utiliza para nomear o animal pola relación entre os dous termos.

Con frecuencia tras os zoónimos baseados en antropónimos ou vinculados con xogos infantís actúa a forza do tabú, é dicir, a prohibición de mencionar o nome real do animal, por considerar que nomeándoo podería ocorrer algún maleficio. Mais no caso do ouriolo non hai elementos que poidan indicar ningún poder maléfico. Por outra parte, Acuña e Garrosa (2006: 5) sinalan que a literatura popular pode encerrar información sobre animais temidos, pero tamén sobre animais queridos. Este

pode ser o caso dos nomes *maría viou* e *pedro pequeno* contidos nas formulíñas arriba citadas (§ b.3.), en que se convida o paxaro a informar sobre a saúde do seu pai, talvez para conseguir a súa amizade ou, simplemente, para que se acerque. Pola súa parte, Alinei (1997: 12-13) indica que "la catégorie des noms de personne appliqués aux animaux -une catégorie zoonymique très fréquente- relève probablement d'un processus de 'laïcisation' d'anciens noms religieux".

e. Denominacións motivadas polo parecido con outros animais ou zoomórficas

Son numerosas as denominacións do ouriolo que toman nomes doutros animais, baseadas, en xeral, nalgún parecido entre eles. A semellanza establécese as máis das veces con outros paxaros, pero tamén con outras aves e, en menor medida, con algún animal mamífero. Ademais, tamén se empregan algúns nomes xenéricos.

Entre estes últimos, figuran no corpus *bicho* (< lat. vulgar BESTIUS) *do crego*, *paxaro* (< PASSER, -ERIS) *do crego*, *paxaro fodido* e *paxariño pintor*. Os termos *bicho* e *paxaro* aparecen especificados mediante o complemento preposicional *do crego*, pola adxectivación (*fodido*) ou a aposición (*pintor*), que singularizan o ouriolo pola súa cor (*do crego*, *pintor*) ou por algunha característica comportamental (*fodido*).

O ouriolo é un paxaro de tamaño moi parecido ao merlo, pero diferénciase del pola súa rechamante cor amarela. É este o motivo polo que se lle chama non só *merlo amarelo*, senón tamén *merlo real* e *merlo rei* (V. § a.). Recibe, ademais, os nomes de *merlo gaiolo* e *merlo gaioleiro* (V. § b.4.). Os vocábulos que remiten a *gaio*, *gaiolo* e *gaioleiro*, poden deberse ao colorido, característica destacada nestes dous paxaros.

Gaio e *gaiolo* son denominacións destinadas, ademais de á pega marza, ao ouriolo. En DdD, E. Rodríguez González (1958-1961) e X. L. Franco Grande (1972) indican, respecto ao termo *gaiolo*, que 'en unas comarcas aplícase al pájaro gaio; en otras se llama así el vichelocrego'. A similitude entre ambas as aves está na vistosidade da plumaxe, que fai que as dúas sexan inconfundibles. A palabra *gaio*, seguida dun adxectivo, forma parte doutras designacións do ouriolo (*gaio amarelo*, *gaimarelo*, *gaio cereixeiro* e *gaio real*), mais neste caso diferenciándoo do gaio ou pega marza mediante o modificador, que resalta, nuns casos, a cor ou alimento que o individualizan e, noutro, reservando o termo *real* para a especie que máis chama a atención, o ouriolo. O cualificativo *amarelo* serve tamén para diferenciar o ouriolo, *pito amarelo*, dos restantes pitos ou petos (o peto negro, o peto verdeal, peto formigueiro e o peto real). Diferentes autores, no DdD, recollen a palabra *pito*, referido ao *peto*, entre eles C. García González (1985): '*pito berdeal* (Gud. Mez. Ver.), *pito berdello* (Cal.) pájaro carpintero'.

O ouriolo é designado co nome doutros paxaros que destacan así mesmo polas súas cores: *pincaouro* (*Carduelis spinus*), de cores amarela e negra, pero de menos tamaño; *pintarroxo* ou liñaceiro común (*Carduelis cannabina*), tamén máis pequeno, de dorso pardo e fronte e peito vermellos no macho en plumaxe estival (Penas, Pedreira e Silvar, 2004: 428); *papagaio* e *loro bravo*, do que é diferenciado mediante o cualificativo *bravo*.

O ouriolo é chamado tamén *avión* (e *avionrodrigo*, *regavión* e *rogavión*). O *avión* común é sinónimo de *anduriña de cu branco* (Penas, Pedreira e Silvar, 1991, 2004; DRAG, s. v. *avión*) e, ao igual que o ouriolo, ten as partes superiores negras. No DLE, indícase que *avión*, ‘especie de vencejo’, procede do lat. GAVIA, o cal podería explicar as formas con -g- (*regavión*, *rogavión*).

O canto é o elemento que relaciona o ouriolo con outros paxaros que destacan, coma el, no mesmo aspecto. Denominacións como a de *malvís*, rexistrada en Meis, *reiseñor* e *merlo garleiro* son debidas a esta particularidade. Neste último, a palabra *merlo* aparece modificada por *garleiro*, derivado de *garlar*, ‘falar moito e con pouca discreción’ (DRAG), que reflicte a variedade de mimoloxismos que as persoas cren oír no canto da ave. Respecto ao *malvís* ou tordo *malvís* e ao *reiseñor*, en DdD, E. Rodríguez González (1958-1961) sinala que ‘su canto es muy parecido al del REISEÑOR, y tan agradable, que según cuenta una leyenda gallega, un abad del monasterio de San Esteban de Rivas de Sil, en la prov. orensana, se quedó en éxtasis durante más de 200 años, oyendo cantar a un MALVÍS’.

O ouriolo recibe tamén o nome de dous paxaros cos que comparte o hábitat, *pombo* e *picomaceiro*; co pombo, durante a época de cría, en zonas de arboredo, e co picomaceiro, pouco despois, cando se achega ás hortas para comer froitas.

Galo pode ser considerado un ornitónimo xenérico. *Galo cereixeiro* identifica o ouriolo, fronte, p. ex., á pega marza ou *galo de montaña*. A denominación *galo da braña* é destinada habitualmente á avefría. É un paxaro invernante, que ten como hábitat “campos, pradarias, marismas, esteiros e brañas” (Penas, Pedreira e Silvar, 2004: 188). Esta designación pode ser só unha confusión de nomes, xa que o complemento preposicional *de braña*, que ten a variante recollida en Curtis (TLPGP-PLG), non cadra cos lugares onde, habitualmente, se pode ver o ouriolo.

Por último, *pedro* (*pedro pequeno*) é un nome de home e tamén un zoónimo, xa que é unha das denominacións do *raposo*, recollidas no DdD (s. v. *pedro*), en J. Cuveiro Piñol (1876) e C. García González (1985). Este último indica que é un nome usado con sentido irónico. Pode ser utilizado para nomear o ouriolo, xa que os dous animais viven no monte e foxen dos humanos. O elemento *león*, presente en *cregoleón*, pode tamén referirse á ave en canto que esta palabra se asocia a un

animal destacado, mais é posible que só se trate dunha deformación popular do termo *leirón* (V. § b.1. e b.3.) que, non obstante, pode estar influenciada, á súa vez, polo nome do mamífero *león*.

f. Denominacións escuras e opacas

Na obra *Os nomes galegos das aves*, de Cerradelo (NGA) figuran as denominacións *aganchón* para o gabeador (do xénero *Certhia*) e *aganchadeira* para o ferreiriño abelleiro (*Parus major*), que son pequenos paxaros que gabea pola casca das árbores. *Aganchín*, unha das designacións do ouriolo, pode ser un derivado de *aganchar*, '[animal] subir por unha árbore, parede etc., axudándose das catro patas e agarrándose coas uñas' (DRAG), mais non dispoñemos de datos que permitan deducir que a acción de rubir caracterice o ouriolo e, polo tanto, que poida ser a motivación semántica do nome. Por outra parte, *aganchín* figura no *Atlas Lingüístico Galego*, rexistrado en Mañón, como “resposta dubidosa”. Resulta, pois, unha denominación de motivación escura.

Algúns outros nomes do ouriolo como *manga amarela*, que recolle o DS, tampouco foi posible asocialos a ningún dos apartados da clasificación de motivacións que se propón neste traballo por non encontrarmos ningunha relación entre a palabra *manga* e a ave. Tamén resultan de moi difícil explicación as formas *ciropelda* e *oromelcho*, que poden ser resultado dun cruzamento, xunto con probables deformacións fonéticas, de termos procedentes de PINNŪLA, no primeiro caso, e AURUM, no segundo, e os elementos que se agachan baixo *ciro-* e *-melcho*, respectivamente. Tampouco se pode ofrecer unha explicación convincente dos primeiros compoñentes das formas *rogavión* ou *regavión*, máis alá dunha posible apócope ou redución de *rodrigo*, presente en *rodrigavión* ou en *rodrigovión*.

4.3.3. Recapitulación

En síntese, o ouriolo é un paxaro espectacular, denominado en Galicia de múltiples formas. A cor, o canto, a forma de alimentarse antes do retorno migratorio e a semellanza con outras aves, que lle prestan os seus nomes, seguidos de especificadores, son as motivacións das designacións máis comúns. Moitas destas designacións son lexías complexas, resultado de motivacións combinadas; outras son só variantes populares delas.

Ouriolo é o nome máis estendido, seguido de *vichelocrego*, *milpéndora* e *papafigos*. No ALGa, onde se rexistran cento once designacións deste paxaro, vinte e catro corresponden a *ouriolos* e variantes. *Vichelocrego* aparece en quince rexistros; *milpéndora*, en catorce; *papafigos*, en sete e *oripéndola*, en cinco. En canto á distribución xeográfica, á parte do indicado máis arriba, cabe dicir que a provincia de Pontevedra e o sur de Ourense presentan unha importante variabilidade, mentres que en Lugo (*ouriolos*), no leste de Ourense e en León (*milpéndora*) predomina unha soa denominación.

5. CONCLUSIÓNS

Da observación dos resultados desta investigación sobre catro nomes de aves (a lavandeira, a pega rabilonga, o gaio e o ouriolo), así como do proceso de traballo levado a cabo, cabe distinguir dous tipos de conclusións; unhas, de carácter teórico, que ben poden coincidir con estudos realizados noutras linguas, e outras, de tipo práctico e específicas da lingua galega.

En xeral, a análise semántica dos ornitónimos analizados (251 lemas e 363 variantes, reunidas a partir de bases datos e dicionarios) é un argumento a favor do papel da motivación na designación da realidade e tamén da función das teorías cognitivas, que defenden, como orixe das expresións lingüísticas a experiencia do ser humano.

A motivación informa sobre a maneira en que as persoas categorizan ou conceptualizan a realidade. No desenvolvemento deste traballo, púidose comprobar que gran parte das formas recollidas no corpus seguen procesos designativos de tipo metonímico e, en menor medida, metafórico. Ambos os mecanismos poden ser explicados tanto á luz da teoría da motivación como da teoría da metáfora e a metonimia conceptuais da semántica cognitiva. En síntese, á marxe dunha ou doutra fundamentación teórica, isto é, de que, por exemplo, na metonimia o icónimo se elixa, arbitrariamente, entre os compoñentes da definición conceptual (Alinei, 2009) ou de que coa metonimia se faga referencia a unha entidade determinada que serve simplemente como “punto de acceso mental” a outra entidade coa que se relaciona (Ibarretxe-Antuñano e Valenzuela, 2012), cabe concluír o que segue:

- Predominan as metonimias do tipo A CARACTERÍSTICA POLO ANIMAL, sexa unha característica xeral (*lavandeira moura* e *albela*, *pega pinta*, *ouriolo* e *amarelenta*) ou dunha parte do corpo (*pega rabopinto*, *rabiñaloura*, *galocresto*) e a metonimia A ACCIÓN POLO ANIMAL. Respecto a esta última, a base motivacional ou dominio fonte pode ser a forma de alimentarse da ave (*lapafigos*, *pega carrachenta*), a forma de comportarse en xeral (*pega raposeira*, *quieto ramiro*) ou a forma de construír o niño (*milpéndora*). Tamén son resultado desta metonimia todas aquelas designacións do ouriolo de carácter onomatopeico que, dun xeito ou doutro, tentan interpretar o canto da ave (*avionrodrigo*, *villaogarrido*, *chocorollou*, *ouvión*).

- Tamén se atopan denominacións metafóricas, do tipo metáfora de imaxe (*costureira*, *lavandeira*), froito da visión antropomórfica da realidade.

O máis sobresaínte da lavandeira é a súa forma de moverse e os lugares onde pode ser vista (á beira da auga e onda o gando). Deste xeito, recibe nomes como *señorita*, *costureira*, *andarríos* ou *gardabois*, *pastoriña* e *alindadora*.

A pega rabilonga destaca, sobre todo, pola lonxitude da súa cola (*pega rabuda* ou *rabilán*) e algunha das fontes de alimentación (*pega carnizá*, *pega carracheira* ou *pega porca*). Pola contra, no gaio sobresaen as manchas de cor (*pega marza*) e os sons que emite ou o lugar onde, primordialmente, se alimenta (*pega rebordá*).

O ouriolo posúe características únicas: dúas cores nítidas e contrastadas (*oropéndola*, *vichelocrego*), o canto, interpretado mediante múltiples mimoloxismos (*pitiogó*, *vacalamelió*, *mingolirón*), a forma de facer o niño (*milpéndora*, *baraceiro*) e algún dos seus alimentos (*gaio cereixeiro*), entre outras. É probable que a singularidade desta ave sexa a razón non só da diversidade e da cantidade de nomes distintos que recibe, senón tamén do feito de que boa parte das designacións parecen responder a unha combinación de motivacións (*domingonobelo*, *avionrodrigo*).

Ademais destes patróns de creación léxica, en xeral os máis produtivos, baseados nas características físicas e comportamentais máis destacadas, observáronse outras maneiras de nomear comúns aos catro paxaros estudados: denominacións zoomórficas como *laverca dos canos* (lavandeira), *gato dos pinos* (gaio), *merlo garleiro* (ouriolo) ou antropónimos (*margarita*, *marica*, *mariquiña do crego*).

Pódese engadir que nos casos en que foi posible comparar con designacións doutras linguas, por existiren estudos motivacionais realizados (lavandeira e pega rabilonga), observouse unha relativa coincidencia nas fontes motivacionais, pero tamén aspectos sociais e culturais propios, como a presenza nalgunha designación da palabra *crego* ou a denominación *pega meiga*, só rexistrada no dominio lingüístico galego.

En todos os casos, noméase a partir de vellos nomes, que se reciclan como novos nomes (Alinei, 2009). Non obstante, da análise dos resultados despréndese que é posible distinguir certas diferenzas nos procesos designativos. Así, entre os nomes da lavandeira destaca a antropomorfización: oficios (*pastoriña*, *costureira*), xenéricos (*señorita*) e nomes propios (*marigarcía*). As denominacións de pega rabilonga e da pega marza, entrecruzadas xa en latín, están marcadas pola necesidade de diferenciar os dous paxaros; de aí que, formalmente, abunden os especificativos. No ouriolo predomina a variedade, tanto no que respecta ás motivacións como nos resultados formais: palabras simples (*nicolao*), compostos sintagmáticos (*gaio cereixeiro*) e complexas lexías (*vichelocrego*).

En suma, este traballo contribúe a desenvolver o estudo motivacional das denominacións das aves. Respecto á metodoloxía, cabe destacar a elección do TLPGP-PLG e o ALGa, xunto co ALPI, que recollen as palabras mediante traballos de campo, como fonte principal para a obtención dos

datos. Así mesmo, os resultados obtidos no exame dos catro conceptos analizados permiten concluír, por un lado, que o marco teórico adoptado e o método utilizado parecen ser adecuados e, por outro, que é necesario continuarmos co labor de desenvolvemento de bases de datos, como o ALGa, que facilitarían o estudo da distribución diatópica do léxico e o posterior tratamento dos datos, xa que parece conveniente combinar a distribución xeolingüística coa análise cognitiva e motivacional dos referidos datos.

Por último, como resultado de reunir nun corpus as designacións procedentes de diferentes fontes (TLPGP-PLG, ALGa, ALPI, entre outras), pode observarse a riqueza designativa que posúe o territorio lingüístico galego en canto, ao menos, ás denominacións zoonímicas devanditas e, probablemente, en moitas outras. García Mouton (1987: 197) indica que “la motivación antigua puede llegar a oscurecerse porque el hablante actual ya no tiene el mismo tipo de conciencia de la realidad y ha perdido, en muchos casos, los apoyos que la imaginación colectiva prestaba a esos nombres”. Pódese, entón, concluír que estudos como o aquí realizado ou outros en que se examine a distribución lingüístico-xeográfica do léxico se fan necesarios, non só para revelar fenómenos de motivación e creación léxica, senón tamén para garantir a pervivencia das denominacións.

6. BIBLIOGRAFÍA

6.1. GUÍAS

A Chave (2019): *Os nomes galegos das aves*. 4ª ed. Xinzo de Limia (Ourense): A Chave.

https://achave.gal/wp-content/uploads/achave_osnomesgalegosdas_aves_2019.pdf

Lorenzo Fernández, Secundino (n. d.): *A vida nos ríos galegos*.

<https://www.rios-galegos.com/vidario4.htm> [Consultada: <08/06/2021>]

Museo Nacional de Ciencias Naturales, CSIC (n.d.): *Enciclopedia virtual de los vertebrados ibéricos*. <http://www.vertebradosibericos.org/aves.html> [Consultada: <15/06/2021>]

Penas Patiño, Xosé Manuel, Carlos Pedreira López e Carlos Rodríguez Silvar (1991): *Guía das aves de Galicia*. A Coruña: Baía.

Penas Patiño, Xosé Manuel, Carlos Pedreira López e Carlos Rodríguez Silvar (2004): *Guía das aves de Galicia*. A Coruña: Baía.

SEO = Sociedad Española de Ornitología (n. d.): *Guía de aves*.

<https://seo.org/listado-aves-2/> [Consultada: <08/06/2021>]

6.2. FONTES

- ALGa = García González, Constantino e Antón Santamarina Delgado (dirs.) (1990-): *Atlas lingüístico galego*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago/Instituto da Lingua Galega.
- ALPI = García Mouton, Pilar (coord.), Inés Fernández-Ordóñez, David Heap, María Pilar Perea, João Saramago e Xulio Sousa (2016): *ALPI-CSIC*, edición dixital de Navarro Tomás, Tomás (dir.), *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*, Madrid, CSIC. www.alpi.csic.es
- DS = Gómez Clemente, Xosé María, Xavier Gómez Guinovart e Alberto Simões (2014): *Dicionario de sinónimos do galego*. Vigo: Área de Normalización Lingüística, Universidade de Vigo. <http://sli.uvigo.es/sinonimos/> [Última consulta: 18-05-21].
- NGA= Cerradelo Gómez, Silverio (2013): *Os nomes galegos das aves*. Ourense: Edición do autor.
- PLG = Álvarez, Rosario (dir.), María Álvarez de la Granja (dir.), Ernesto González Seoane, Marta Negro Romero, Xulio Sousa (n. d.): *Patrimonio léxico da Gallaecia*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.gal/plg/> [Consultado: 29/06/21].
- TLPGP = Álvarez, Rosario (coord.) (2014): *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/tesouro/gl/> [Consultado: 29/06/21].

6.3. ESTUDOS

- Alinei, Mario (1996): "Aspetti teorici della motivazione", *Quaderni di Semantica*. XXXIII, 1, 7-17.
- Alinei, Mario (1997): "L'aspect magique-religieux dans la zoonymie populaire". En: Jean-Philippe Dalbera [et al.]. *Les zonymes. Actes du colloque international tenu à Nice les 23, 24, 25 janvier 1997*. Nice: Université de Nice. Centre de Recherches Comparatives sur les Langues de la Méditerranée Ancienne. 9-22.
- Alinei, Mario (2002): "Il ruolo della motivazione nel lessico". En: Rosario Álvarez, Francisco Dubert e Xulio Sousa (eds.), *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 15-28.
- Alinei, Mario (2005): "Names of animals, animals as names: synthesis of a research". En: Alessandro Minelli, Gherardo Ortalli y Glauco Sanga (eds.), *Animal names*. Venecia: Istituto Veneto di Scienze, Lettere ed Arti, 245-268.
- Alinei, Mario (2009): *L'origine delle parole*. Roma: Aracne

- Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2011): “A joaninha era de Nossa Senhora: *designações açorianas no campo lexical da fauna*”. En: Jorge Costa Pereira, *et al.* (eds.), *O Faial e a Periferia Açoriana nos séculos XV a XX*. Actas do V Colóquio. Faial: Núcleo Cultural da Horta, 401-423.
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2013): “Cartografía lingüística de Galicia e Portugal: presentación dun proxecto e estudo de dous casos”. En: Emili Casanova e Cesáreo Calvo, *Actes du XXVI e Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes*. Vol. VI, 29-39.
- André, Jacques (1967): *Les noms d'oiseaux en latin*. Paris: Librairie C. Klincksieck.
- Ares Vázquez, Nicandro (2012): *Estudos de toponimia galega*. Tomo 1. A Coruña: Real Academia Galega.
- Barcelona, Antonio (2012): “La metonimia conceptual”. En: Iraide Ibarretxe-Antuñano e Javier Valenzuela (dirs.), *Lingüística cognitiva*. Barcelona: Anthropos.
- Carpitelli, Elisabetta e Francesco Avolio (2018): “Les désignations romanes de la caille”. En: Michel Contini e Elisabetta Carpitelli (dirs.), *Atlas Linguistique Roman (AliR). Commentaires*. Vol. II-c. 119-129. Alessandria: Edizione dell’Orso.
- Casas Gómez, Miguel (2000): “Tabú de palabra e interdicción conceptual”. En: Antonio Pamies Bertrán y Juan de Dios Luque Durán (eds.), *Trabajos de lexicografía y fraseología contrastivas*. Granada: Método Ediciones, 79-94.
- Croft, William e Allan Cruse (2008): *Lingüística cognitiva*. Madrid: Akal.
- Cuba, X. R., Reigosa, A. e Miranda, X. (1999): *Diccionario dos seres míticos galegos*. Vigo: Ed. Xerais.
- Dalbera, Jean-Philippe (2006): *Des dialectes au langage. Une archéologie du sens*. Paris: Honoré Champion.
- DCECH = Corominas, Joan e José A. Pascual (1980-1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Vols. 1-6. Madrid: Gredos.
- DdD = Santamarina, Antón (dir.) (2006): *Diccionario de diccionarios*. A Coruña: Fundación Barrié.
<http://sli.uvigo.es/DdD/> [Consultado: <26/06/2021>].
- DELE = Segura Munguía, Santiago (1985): *Diccionario etimológico latino-español*. Madrid: Anaya.
- DIGALEGO = *Diccionario de galego*. <https://digalego.xunta.gal/> [Consultado: <15/06/2021>]
- DLE = *Diccionario de la Lengua Española*. <https://dle.rae.es/> [Consultado: <18/06/2021>]
- DLF = *Dictionnaire Larousse. Langue Française*.
<https://www.larousse.fr/dictionnaires/francais-monolingue/> [Consulta: <07-02-2021>].

- Dobrovolskij, Dmitrij e Elisabeth Piirainen (2005): *Figurative language: cross-cultural and cross-linguistic perspectives*. Amsterdam: Elsevier.
- DPriberam: *Dicionário Priberam da Língua Portuguesa* (2008-2021).
<https://dicionario.priberam.org/> [Consultado: <15-06-2021>]
- DRAG = González González, Manuel (dir.). *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. <https://academia.gal/dicionario> [Consultado: <26/06/2021>]
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais
- García Mouton, Pilar (1987): “Motivación en nombres de animales”, *Lingüística Española Actual*, IX-2, 189-197.
- García Mouton, Pilar (2004): “Mapas y textos: algunos zoónimos en el *ALEANR*”. En: José M^a Enguita (ed.), *Jornadas sobre la variación lingüística en Aragón a través de los textos*. Zaragoza: Institución Fernando el Católico. 319-331.
- GDXL = Carballeira Anllo, X. M. (coord.). *Gran Dicionario Xerais da Lingua*. Vigo: Xerais, 2009.
- Garrido Palacios, Manuel (2008): *Diccionario de palabras de andar por casa*. Huelva: Universidad de Huelva.
- Guiraud, Pierre (1975 [1955]): *La sémantique*. Vendôme: Presses Universitaires de France.
- Ibarretxe-Antuñano, Iraide e Javier Valenzuela (2012): "Lingüística cognitiva. Origen, principios y tendencias". En: Iraide Ibarretxe-Antuñano e Javier Valenzuela (dirs.), *Lingüística cognitiva*. Barcelona: Anthropos.
- Instituto da Lingua Galega (2014): *Criterios de lematización (textos galegos)*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. (Documento inédito).
- Julià Luna, Carolina (2009): “El cuerpo humano en la creación y motivación de los nombres románicos de insectos”, *Revue de Linguistique Romane*, 291-292, 321-369.
- Julià Luna, Carolina (2012): *Variación léxica en los nombres de las partes del cuerpo: los dedos de la mano en las variedades hispanorrománicas*. Frankfurt am Main: Peter Lang.
- Kövecses, Zoltan (2005): *Metaphor in culture. Universality and variation*, Cambridge: Cambridge University Press.
- Kövecses, Zoltan (2010): *Metaphor: a practical introduction*. Oxford: Oxford University Press.
- Lakoff, George e Johnson, Mark (1986 [1980]): *Metáforas de la vida cotidiana*. Madrid: Cátedra (Metaphors We Live By (1980). Chicago: The University of Chicago Press. Trad. José Antonio Millán e Susana Narotzky).

- Le Dù, Jean e Brun-Trigaud, Guylaine (2018): “Les désignations romanes de la pie”. En: Michel Contini e Elisabetta Carpitelli (dirs.), *Atlas Linguistique Roman (AliR). Commentaires*. Vol. II-c. 231-241. Alessandria: Edizione dell’Orso.
- Masid Blanco, Ocarina (2019): *La metáfora*. Madrid: Arco / Libros.
- Mondéjar, José (1985): “Algunos nombres románicos de la aguzanieves (*Motacilla alba* L.) (ALEA II, 414; ALEANR IV, 458; ALEICan I, 310). Introducción”, *Archivo de Filología Aragonesa (AFA)*, XXXVI-XXXVII, 275-311.
- Mondéjar, José (1991): “Algunos nombres románicos de la aguzanieves (*Motacilla alba* L.) (ALEA II, 414; ALEANR IV, 458; ALEICan I, 310). Personificaciones”, *Archivo de Filología Aragonesa (AFA)*, XLVI-XLVII, 127-142.
- Mondéjar, José (1992): “Algunos nombres románicos de la Aguzanieves (*Motacilla alba* L.) (ALEA II, 414 ; ALEANR IV, 458 ; ALEICan I, 310). Formas de vida”, *Revue de linguistique romane*. 56, 21-48.
- Penadés Martínez, Inmaculada e María Tadea Díaz Hormigo (2008): “Hacia la noción lingüística de motivación”. En: María Álvarez de la Granja (coord.), *Lenguaje figurado y motivación: una perspectiva desde la fraseología*. Frankfurt am Main: Peter Lang. 51-68.
- Pharies, David (2004): “Tipología de los orígenes de los sufijos españoles”, *Revista de Filología Española*, RFE, 74,1. Madrid: CSIC. 153-167.
- Sanchís i Guarner, Manuel (1956): “Els noms catalans de la cuereta (*Motacilla alba*)”, *Estudis romànics*, 5, 2, 141-159.
- Santos Domínguez, Luis Antonio e Rosa María Espinosa Elorza (1996): *Manual de semántica histórica*. Madrid: Síntesis.
- Santos Rincón, María Luisa (1951): “Nombres de la aguzanieves”, *Revista de dialectología y tradiciones populares*, RDTP, VII/3, 508-517.
- Saussure, Ferdinand de (2005): *Curso de Lingüística Xeral*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento. Trad. Xosé Manuel Sánchez Rei.
- Soriano, Cristina (2012): “La metáfora conceptual”. En: Iraide Ibarretxe-Antuñano e Javier Valenzuela (dirs.), *Lingüística cognitiva*. Barcelona: Anthropos.
- Valls, Esteve e González González, Manuel (2014): “Unha nova base de datos para a romanística a partir do *Atlas Linguistique Roman*”, *Verba*, 41, 337-363.

ANEXO. CORPUS. Nomes galegos de aves

As formas do primeiro grupo (1), apartado principal do corpus, foron extraídas de traballos de campo. As do apartado secundario (2) só se rexistraron en dicionarios.

LAVANDEIRA <i>Motacilla</i> (1)		
alindador	alindador	<i>TLPGP-PLG</i>
alindadora	alindadora	<i>TLPGP-PLG / ALGa / ALPI</i>
andarríos	andarrío	<i>TLPGP-PLG</i>
	andarrius	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
	andarrius	<i>TLPGP-PLG</i>
auganeve	auga neve	<i>TLPGP-PLG</i>
boeira	boeira	<i>TLPGP-PLG</i>
brandisa	brandisa	<i>TLPGP-PLG</i>
costureira	costureira	<i>TLPGP-PLG / ALGa / ALPI</i>
	custureira	<i>ALGa</i>
cu de sebo	cú de sêbo	<i>TLPGP-PLG</i>
debandoira	debandoira	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
	debandoura	<i>ALGa</i>
	devandoira	<i>TLPGP-PLG</i>
	devandoura	<i>ALPI</i>
engaladora	engaladora	<i>TLPGP-PLG</i>
	engadadora	<i>ALGa</i>
escribenta	escribienta	<i>ALGa</i>
escribideira	escribioeira	<i>TLPGP-PLG</i>
escribidora	escribidora	<i>TLPGP-PLG</i>
labradeira	labarandeira	<i>ALGa</i>
	labrandeira	<i>TLPGP-PLG / ALGa / ALPI</i>
	lambrandeira	<i>ALGa</i>
lavandeira	labandeira	<i>TLPGP-PLG</i>
	lavandeira	<i>TLPGP-PLG / ALGa / ALPI</i>
	lavandèra	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>

	lavandeira	<i>TLPGP-PLG</i>
	lavanveira	<i>NGA</i>
	lavendeira	<i>ALGa</i>
	levandeira	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
	livandeira	<i>NGA</i>
lavandeira amarela	lavandeira marela	<i>TLPGP</i>
	lavandeira das amarillas	<i>TLPGP</i>
lavandeira branca	lavandeira branca	<i>TLPGP</i>
lavandeira clara	lavandeira clara	<i>NGA</i>
lavandeira caseña	lavandeira caseña	<i>NGA</i>
lavandeira da casa	lavandeira da casa	<i>TLPGP</i>
lavandeira da veiga	lavandeira da veiga	<i>NGA</i>
lavandeira do gado	lavandeira do gado	<i>NGA</i>
lavandeira do monte	lavandeira do monte	<i>TLPGP</i>
lavandeira real	lavandeira real	<i>NGA</i>
lavandeiro	lavandeiro	<i>ALGa</i>
lavandisca	lavandisca	<i>ALGA / ALPI</i>
lavañeira	lavañeira	<i>TLPGP-PLG</i>
laverca	laverca	<i>TLPGP-PLG / ALPI</i>
laverca dos canos	laverca dos canos	<i>TLPGP</i>
margarita	margarita	<i>ALGa / ALPI</i>
marigarcía	marigarcía	<i>ALPI</i>
mariquita	mariquita	<i>ALGa / ALPI</i>
pastora	pastora	<i>TLPGP-PLG</i>
pastoriña	pastoriña	<i>TLPGP-PLG / ALPI</i>
pastoriza	pastoriza	<i>ALGa</i>
paxariña da neve	paxariña da neve	<i>NGA</i>
paxaro da neve	páxaro da neve	<i>ALGa</i>
paxaro pastor	paxaro pastor	<i>NGA</i>
puntalousa	puntalousa	<i>TLPGP-PLG</i>
rabiñaloura	rabiñaloura	<i>TLPGP-PLG</i>

ravandoira	ravandoira	<i>TLPGP-PLG</i>
	revandeira	<i>ALPI</i>
raxela	raxela	<i>ALGa</i>
sembradora	sembradora	<i>ALGa</i>
sementadeira	sementadeira	<i>ALGa</i>
señoriña	siñuriña	<i>ALGa</i>
señoriña do mar	siñuriña do mar	<i>ALGa</i>
señorita	señorita	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
	siñurita	<i>ALGa</i>
vaqueira	vaqueira	<i>TLPGP-PLG / ALPI</i>
	vequeira	<i>TLPGP</i>

LAVANDEIRA *Motacilla* (2)

aguzaneve	aguzaneve	<i>NGA-DUCG Akal</i>
albardeira	albardeira	<i>NGA-DE</i>
albela	albela	<i>NGA-DUCG Akal</i>
	arvela	<i>NGA-DE-DUCG Akal</i>
andarríos	anda-ríos	<i>NGA-DUCG Akal</i>
crego	crego	<i>NGA-DE</i>
gardabois	gardabois	<i>DS</i>
gardagandos	gardagandos	<i>DS</i>
	garda-gados	<i>NGA-DE</i>
labradora	labradora	<i>NGA-DE-DFG-DUCG Akal</i>
lavandeira cinsenta	lavandeira cinsenta	<i>DS</i>
lavandeira enloitada	lavandeira enloitada	<i>DS</i>
lavandeira moura	lavandeira moura	<i>DS</i>
lavandeira real	lavandeira real	<i>DS</i>
lavandeira verdeal	lavandeira verdeal	<i>NGA-DUCG Akal-GDXL</i>
nabiñeiro	nabiñeiro	<i>NGA-DE</i>
nevarusco	nevarusco	<i>DS</i>
ravandoira	rabadoira	<i>DS</i>
millarenga	millarenga	<i>NGA-DFG</i>

millarengo	millarengo	<i>NGA-DFG-DUCG Akal</i>
nevarusco	nevarusco	<i>DS</i>
vaqueirán	vaqueirán	<i>NGA-GDXL</i>
zarapetelo	zarapatelo	<i>NGA-GDXL</i>
	zarapetelo	<i>NGA-GDXL</i>

PEGA *Pica pica* (1)

marica	marica	<i>NGA</i>
paxaro das calazas	paxaro das calazas	<i>NGA</i>
pega	pega	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
	pegha	<i>TLPGP-PLG</i>
	peja	<i>TLPGP-PLG</i>
pega branca	pega blanca	<i>ALGa</i>
pega brava	pega brava	<i>ALGa</i>
pega carniceira	pega carniceira	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
	pega carnicera	<i>ALGa</i>
pega carnizá	pega carnizá	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
	pega carniza	<i>NGA</i>
pega carrachenta	pega carrachenta	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
pega carracheira	pega carracheira	<i>TLPGP-PLG</i>
pega corrente	pega corriente	<i>ALGa</i>
pega da montaña	pega da montaña	<i>ALGa</i>
	pega de montaña	<i>ALGa</i>
pega da morriña	pega da morriña	<i>ALGa</i>
pega da ribeira	pega da ribeira	<i>ALGa</i>
pega de rabo longo	pega de rabo longo	<i>TLPGP-PLG</i>
pega francesa	pega francesa	<i>NGA</i>
pega macha	pega macha	<i>ALGa</i>
pega negra	pega negra	<i>ALGa</i>
pega pinta	pega pinta	<i>ALGa</i>
pega porca	pega porca	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>

pega preá	pega preán	<i>NGA</i>
pega rabilá	pega rabilán	<i>ALGa</i>
	rabilán	<i>NGA</i>
pega rabilarga	pega rabilarga	<i>ALPI</i>
pega rabilonga	pega rabilonca	<i>TLPGP-PLG</i>
	pega rabilonga	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
	pega rebilonga	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
	pega rebironga	<i>ALGa</i>
	peja rabilonga	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
	peja rebilonga	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
	rebilonga	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
pega rabopinto	pega rabopinto	<i>ALGa</i>
pega rabuda	pega rabuda	<i>ALGa</i>
pega raposeira	pega raposeira	<i>NGA</i>
	reposeira	<i>NGA</i>
pega rebordá	peja rebuldana	<i>TLPGP-PLG</i>
	rebordán	<i>TLPGP-PLG</i>
pega sapeira	pega sapeira	<i>ALGa</i>
pego	pego	<i>TLPGP-PLG</i>
pego bravo	pego bravo	<i>ALGa</i>
picacrega	picacrega	<i>NGA</i>
picaraza	picaraza	<i>TLPGP-PLG</i>
pigarexa	pigarexa	<i>NGA</i>
preieira	preieira	<i>ALPI</i>
rabilongo	rabilongo	<i>ALGa</i>
	rabolongo	<i>ALGa</i>
	rabolonjo	<i>TLPGP-PLG</i>

GAIO *Garrulus glandarius* (1)

gaio	gaio	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
	ghaio	<i>TLPGP-PLG</i>

	gallo	<i>ALGa</i>
	gayo	<i>TLPGP-PLG</i>
	jaio	<i>TLPGP-PLG</i>
gaiomonte	gaiomonte	<i>TLPGP-PLG</i>
gala	gala	<i>ALGa</i>
galo de montaña	galo de montaña	<i>ALGa</i>
garrabaio	garrabaio	<i>TLPGP-PLG</i>
	gharrabio	<i>TLPGP-PLG</i>
gato dos pinos	gato dos pinos	<i>TLPGP-PLG</i>
grallo	grallo	<i>ALGa</i>
pega	pega	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
pega branca	pega blanca	<i>ALGa</i>
pega carballeira	pega carballeira	<i>ALGa</i>
pega carniceira	pega carniceira	<i>NGA</i>
pega carnizá	pega carnizá	<i>NGA</i>
pega colorada	pega colorada	<i>ALGa</i>
pega común	pega común	<i>TLPGP-PLG</i>
pega da montaña	pega da montaña	<i>ALGa</i>
pega das fragas	pega da fraga	<i>ALGa</i>
	pega das fragas	<i>TLPGP-PLG</i>
pega do país	pega do país	<i>NGA</i>
pega gaia	pega gaia	<i>NGA</i>
	gaia	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
pega mansa	pega mansa	<i>ALGa</i>
pega marceña	pega marceña	<i>ALGa</i>
	pega morceña	<i>ALPI</i>
pega marcía	pega marcía	<i>ALGa</i>
pega marza	marcha	<i>TLPGP-PLG</i>
	marza	<i>TLPGP-PLG</i>
	pega marcha	<i>TLPGP-PLG</i>
	pega marsa	<i>ALGa</i>

	pega marta	<i>ALPI</i>
	pega marxa	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
	pega marza	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
	peja marsa	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
	peja marza	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
pega marzá	pega marxá	<i>TLPGP-PLG</i>
	pega marzá	<i>TLPGP-PLG</i>
pega real	pega real	<i>TLPGP-PLG</i>
	pega rial	<i>TLPGP-PLG</i>
pega rebordá	pega rebolá	<i>ALGa</i>
	pega reboldá	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
	pega reboldán	<i>ALGa</i>
	pega reboldana	<i>ALGa</i>
	pega rebordá	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
	pega rebuldá	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
	pega rebuldana	<i>ALGa</i>
	pega reburdá	<i>ALGa</i>
	pega reburdana	<i>ALGa</i>
	pega regoldá	<i>ALGa</i>
	pega regordá	<i>ALGa</i>
	pega retordá	<i>TLPGP-PLG</i>
	reboldá	<i>ALGa</i>
	reboldana	<i>ALGa</i>
	rebordá	<i>ALGa</i>
	rebuldá	<i>ALGa</i>
pega romana	pega romana	<i>TLPGP-PLG</i>
pega rulá	pega rulán	<i>ALGa</i>
pega tegona	pega tegona	<i>TLPGP-PLG</i>
pega vulgar	pega vulgar	<i>ALGa</i>
pigarra	pigarra	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
pigarro	piarro	<i>TLPGP-PLG</i>
	pigarro	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
	pigharro	<i>TLPGP-PLG</i>

PEGA *Pica pica* (2)

pega lagarteira	pega lagarteira	<i>DS</i>
pega manchada	pega manchada	<i>NGA-DUCG Akal</i>
pica	pica	<i>NGA-DUCG Akal</i>
picaza	picaza	<i>DS</i>
poupa	poupa	<i>NGA-DFG-DUCG Akal</i>

GAIO *Garrulus glandarius* (2)

gaiolo	gaiolo	<i>NGA-GDXL</i>
galo crestó	galo crestó	<i>DS</i>
ouriolo	ouriolo	<i>NGC-DUCG Akal</i>
pega meiga	pega meiga	<i>DS</i>
pega rebuldón	pega rebuldón	<i>NGA-DFG</i>
rendaxo	rendaxo	<i>NGA-DFG-DUCG Akal</i>
roldán	roldán	<i>NGA-DFG</i>
vichelocrego	vichelocrego	<i>NGA-DUCG Akal</i>

OURIOLO *Oriolus oriolus* (1)

aganchín	aganchín	<i>ALGa</i>
amarelante	amarelante	<i>TLPGP-PLG</i>
amareleiro	mareleiro	<i>ALGa</i>
	maraleiro	<i>NGA</i>
amarelenta	amaralenta	<i>TLPGP-PLG</i>
	maralenta	<i>TLPGP-PLG</i>
amareloto	amareloto	<i>TLPGP-PLG</i>
	meraloto	<i>ALGa</i>
avión	avión	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
avionrodrigo	avionrodrigo	<i>TLPGP-PLG</i>
bagullo	bagullo	<i>TLPGP-PLG</i>
baraceiro	baraceiro	<i>TLPGP-PLG</i>

bicho do crego	bicho do crego	<i>NGA</i>
birulanxo	birulanxo	<i>ALGa</i>
botachelomillo	botache-lo-millo	<i>NGA</i>
boubón	boubón	<i>TLPGP-PLG</i>
cereixeiro	cereixeiro	<i>NGA</i>
chirimbelo	chirimbelo	<i>ALGa</i>
chocorollou	chocorollou	<i>ALGa</i>
ciropelda	ciropelda	<i>TLPGP-PLG</i>
crego amarelo	crego amarelo	<i>NGA</i>
cregoleón	cregoleón	<i>ALGa</i>
creguiña	creguiña	<i>ALGa</i>
creguiño	creguiño	<i>ALGa</i>
domingonobelo	domingonovelo	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
domingolirón	domingo lirón	<i>NGA</i>
figo loureiro	figo loureiro	<i>NGA</i>
figo maduro	figo maduro	<i>ALGa</i>
figo marelo	figo marelo	<i>ALGa</i>
figo rodrigo	figo rodrigo	<i>ALGa</i>
figo rodríguez	figo rodríguez	<i>ALGa</i>
figueleiró	figueleiró	<i>ALGa</i>
gaimarelo	gaimarelo	<i>NGA</i>
gaio	gaio	<i>ALGa</i>
gaio amarelo	ghaio marelo	<i>TLPGP-PLG</i>
gaio cereixeiro	gaio cereixeiro	<i>NGA</i>
gaiolo	gaiolo	<i>NGA</i>
galo cereixeiro	galo cereixeiro	<i>NGA</i>
galo da braña	galo de braña	<i>TLPGP-PLG</i>
galigaló	galigaló	<i>ALGa</i>
galopéndola	galopéndola	<i>ALGa</i>
lirón	lirón	<i>ALGa</i>

loro bravo	loro bravo	<i>TLPGP-PLG</i>
malvís	malvís	<i>TLPGP-PLG</i>
malzafigos	malzafigos	<i>ALGa</i>
maría rosa	maría rosa	<i>NGA</i>
maría viou	maría viou	<i>NGA</i>
marica do crego	marica do crego	<i>ALGa</i>
maripéndola	maripéndola	<i>TLPGP-PLG</i>
mariquiña de crego	mariquiña de crego	<i>ALGa</i>
merlo amarelo	merlo marelo	<i>NGA</i>
merlo gaioleiro	merlo gaiolero	<i>ALGa</i>
merlo gaiolo	merlo gaiolo	<i>NGA</i>
merlo real	mirlo real	<i>TLPGP-PLG</i>
merlo rei	merlo rei	<i>NGA</i>
millangarrido	blaugarrido	<i>ALGa</i>
	miau garrido	<i>ALGa</i>
	vilau garrido	<i>ALGa</i>
	villaogarrido	<i>TLPGP-PLG</i>
millarou	millarou	<i>NGA</i>
milleiro	milleiro	<i>TLPGP-PLG</i>
milpéndaro	milpéndaro	<i>ALGa</i>
milpéndora	milpéndola	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
	milpéndora	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
	milpréndega	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
	milpréndiga	<i>ALGa</i>
milpéndoro	milpréndigo	<i>TLPGP-PLG</i>
mingolirón	mingolirón	<i>NGA</i>
	mingulirón	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
nicolao	nicolao	<i>ALGa</i>
	nicolau	<i>NGA</i>
oromelcho	oromelcho	<i>ALGa</i>
oropéndola	aropendra	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>

	elopéndola	<i>ALGa</i>
	oripéndola	<i>ALGa</i>
	oropéndola	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
oropéndolo	oropéndolo	<i>TLPGP-PLG</i>
	ouropéndolo	<i>ALGa</i>
ouripenlo	ouripenlo	<i>NGA</i>
ouriolo	aireolo	<i>ALGa</i>
	aureol	<i>ALGa</i>
	oreol	<i>ALGa</i>
	oriol	<i>ALGa</i>
	oriolo	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
	ouriol	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
	oureol	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
	oureolo	<i>ALGa</i>
	ouriolo	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
	ourol	<i>NGA</i>
ouvión	oubión	<i>TLPGP-PLG</i>
papafigo	papafighos	<i>TLPGP-PLG</i>
	papafigo	<i>TLPGP-PLG</i>
	papafigos	<i>TLPGP-PLG / ALGa</i>
papagaio	papagaio	<i>ALGa</i>
paxariño pintor	paxariño pintor	<i>ALGa</i>
paxaro do crego	paxaro do crego	<i>NGA</i>
paxaro fodido	páxaro jodido	<i>ALGa</i>
pedro pequeno	pedro pequeno	<i>NGA</i>
péndola	péndola	<i>ALGa</i>
péndola de ouro	péndola de oro	<i>ALGa</i>
pitiogó	pitioghó	<i>NGC</i>
pito amarelo	pito marelo	<i>TLPGP-PLG</i>
pombo	pombo	<i>ALGa</i>
quieto fodido	quieto jodido	<i>ALGa</i>
quieto ramiro	quieto ramiro	<i>ALGa</i>

regavión	reghavión	<i>TLPGP-PLG</i>
reiseñor	reiseñor	<i>ALGa</i>
riádigo	riádigo	<i>NGA</i>
rogavión	rogabión	<i>NGA</i>
rodrigo	rodrigho	<i>TLPGP-PLG</i>
rodrigavión	rodrigavión	<i>TLPGP-PLG</i>
	rodrigovión	<i>TLPGP-PLG</i>
rodrigo amarelo	rodrigo marelo	<i>ALGa</i>
tiroliro	tiroliro	<i>NGA</i>
vacalamelió	vacalamelió	<i>TLPGP-PLG</i>
vichelocrego	vichelacreu	<i>ALGa</i>
	vichalocrego	<i>ALGa</i>
	vicheloclérigo	<i>ALGa</i>
	vichelo crego	<i>TLPGP-PLG</i>
	vichelocrego	<i>ALGa</i>
	vichelocrejo	<i>TLPGP-PLG</i>
	viches o crego	<i>NGA</i>
	vicholocrego	<i>NGA</i>
	vistelocrego	<i>ALGa</i>

OURIOLO *Oriolus oriolus* (2)

ouriole	auriol	<i>NGA-GDXL</i>
	auriole	<i>NGA-DUCG Akal-GDXL</i>
	orial	<i>NGA-DFG</i>
barazán	barazán	<i>DS</i>
crego	crego	<i>DS</i>
crego amarelo	crego marelo	<i>NGA-DE</i>
domingoleirón	domingo leirón	<i>DS</i>
gaio real	gaio real	<i>DS</i>
lapafigos	lapafigos	<i>DS</i>
manga amarela	manga amarela	<i>DS</i>

merlo garleiro	merlo garleiro	<i>NGA-DFG-DE</i>
picomaceiro	picomaceiro	<i>NGA-GDXL</i>
pincaouro	pincaouro	<i>NGA-GDXL</i>
pintarroxo	pintarroxo	<i>NGA-DE</i>
reboleirón	reboleirón	<i>DS</i>
rodrigoliro	rodrigoliro	<i>DS</i>
rodrigovirón	rodrigovirón	<i>NGA-DFG-DE</i>

REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS.

NGA = Cerradelo, S. (2013): *Os nomes galegos das aves*. Ourense: Edición do autor:

NGA-DE = En NGA: Alonso Estravís (1995): *Dicionário Sotelo Blanco da língua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

NGA-DFG = En NGA: Franco Grande, X. L. (1968): *Diccionario galego-castelán*. Vigo: Galaxia.

NGA-DUCG Akal = En NGA: Freixedo Tabarés, X. M. e F. Álvarez Carracedo (1985): *Diccionario Akal de usos castellano-gallego*. Madrid: Akal.

NGA-GDXL = En NGA: Carballeira Anllo, X. M. (coord.) (2000): *Gran Dicionario Xerais da Lingua*. Vigo: Xerais.